



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xuño de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día cinco de xuño de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(400).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 28 de maio e extraordinaria e urxente do 29 de maio de 2020 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(401).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 4/2020). EXPTE. 12757/111.

Dáse conta do informe-proposta do 7/04/2020, asinado polo letrado xefa da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Relación n.º 4/2020

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 11362/111

Sentenza nº 42 do 5 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 131/2018

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: actuación do Concello de Vigo respecto da esixencia do empadramento para o disfrute da tarifa reducida no servizo de transporte colectivo de viaxeiros.

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, estima "sustancialmente" o recurso e "declara contraria ao ordenamento xurídico a esixencia do empadramento como condición para a obtención da nova tarxeta de transporte (sexa integrada na PASSVigo ou subministrada de xeito independente).."

O departamento de Transportes debe coñecer o resolto (ata a resolución do recurso de apelación que formulamos, mantén a súa eficacia a medida cautelar do Auto do 25/04/2018 confirmado en apelación na STSXG do 17/12/2018).

2.- Contencioso. Expediente nº 11918/111

Sentenza nº 68 do 3 de marzo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 8/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución da XGL 18/10/2018, desestimatoria dos recursos de alzada e reposición interposto en relación coa adxudicación do servizo de cafetería na casa do Concello.

Expte(s): 19840/240.

Contía: 2.755.340,28 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O servizo de Contratación debe coñecer o resolto

3.- Contencioso. Expediente nº 12127/111

Sentenza nº 32 do 13 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 160/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do TEA ditado o 11/04/2019 en relación coas taxas por aproveitamento especial do dominio público do exercicio 2017.

Expte(s): 4495/550

Contía: 46.885,80 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso contencioso-administrativo e declara a disconformidade a Dereito dos acordo do Tribunal Económico-Administrativo municipal ao entender que non se produce o feito impoñible porque non hai acceso directo ou inmediato dende os aparcamentos ao dominio viario público local.

A Administración de Tributos/EUI e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer e executar o resolto.



Concello de Vigo

4.- Contencioso. Expediente nº 12135/111
Sentenza nº 60 do 21 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 157/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolucións desestimatorias do TEA correspondentes ás taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local e ás liquidacións xiradas dos exercicios 2016, 2017 e 2018.

Expte(s): 4490/550, 4494/550, 4758/550 e 49566/516

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso, con imposición de custas, xa que ao existir un substituto do contribuínte, é este quen ten que facer fronte ás obrigas tributarias.

A Administración de Tributos/EUI e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer e executar o resolto.

5.- Civil. Expediente nº 12370/111
Sentenza nº 88 do 4 de marzo de 2020
Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 3 de Pontevedra
Recurso de apelación: 582/2019

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: declaración e identificación da porción do monte "Mexueiro ou Regueiro Furado"

A sentenza, que non é firme, pero contra a que só se pode presentar recurso extraordinario de infracción procesual ou de casación, resolve desestimando o recurso de apelación interposto pola Xunta de Galicia contra a sentenza de instancia. Sentenza que estimou o recurso da comunidade de montes de Lavadores en relación cuns terreos situados na zona do Meixoeiro.

Na mesma se considera que a proba practicada na instancia acredita a pertenza á comunidade de montes dos terreos, en canto se consideran integrados no monte comunal, e ao tratarse de bens imprescriptibles, entre outras notas, o plantexamento da acción é axustado a dereito, con independencia da existencia de procedementos contencioso-administrativos, que non vinculan á Xurisdicción Civil.

Tampouco a alegación da demanialidade por parte da Xunta de Galicia pode prosperar, indica a Sala, posto que a xurisprudencia con respecto a isto do TSXG é clara e resolveu o problema hai tempo, con mención aos mecanismos alternativos para seguir desfrutando dos terreos ocupados.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

6.- Social. Expediente nº 12454/111
Sentenza nº 84 do 17 de febreiro de 2020
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Ordinario: 996/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento do dereito a percibir o 100% das súas retribucións durante o período de baixa por risco maternal.

Contía: 436,28 €

Esta sentenza, que é firme por contía, estima a demanda da actora e condena ao Concello ao abono das cantidades adebedadas e que complementan a prestación por IT da demandante.

Non se incluíron as correspondentes aos conceptos salariais non fixos nin periódicos, pero o Xulgado considera que deben incluírse posto que a actora traballa por quendas e pola fixación previa do seu calendario de traballo.

O xulgador traslada os razoamentos de outras resolucións ao presente caso, para considerar que a non percepción destes complementos implicaría discriminación, ao atoparnos fronte a un suposto de incapacidade temporal por risco durante o embarazo.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer o resolto e executar a sentenza.

7.- Social. Expediente nº 12580/111

Sentenza nº 121 do 9 de marzo de 2020

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 1066/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación de cantidades deixadas de recibir pola situación de baixa por maternidade, oficial de instalacións adscritas ao Servizo de Deportes.

Contía: 1.021,64 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello ao pagamento de 1.021,64 euros.

O departamento de Persoal e a Intervención municipal deben executar a condena ao pagamento da cantidade requirida determinada, en tempo e forma.

8.- Contencioso. Expediente nº 12617/111

Sentenza nº 64 do 26 de febreiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 376/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 11/10/2019 de certificación do silencio administrativo desestimatorio do recurso de reposición formulado contra outra do 21/02/19 sobre reclamación de responsabilidade patrimonial

Expte(s): 5582-243

A sentenza, firme, desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución da concelleira delegada de Patrimonio do 11.10.2019 que pola súa vez desestimaba o recurso de reposición interposto contra a resolución do 21.02.2019 que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos sufridos pola recorrente ao tropezar cun alcorque na rúa Lilas, sen imposición de custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

9.- Contencioso. Expediente nº 12626/111

Sentenza nº 70 do 3 de marzo de 2020



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 8/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución sancionadora en materia de tráfico que impón sanción de 200 euros

Expte(s): 2019/02586

A sentenza firme desestima o recurso ao considerar que a sanción está correctamente imposta, ao estacionar en carga e descarga, e que a limitación horaria que figuraba baixo a inscrición "Reservado carga/descarga" é de comprensión lectora en calquera idioma occidental e o feito de que aparece o termo "laborais" en vez de "laborables" non comporta ningunha excusa absoluta.

Debe coñecer o resolto o departamento de Seguridade.

10.- Contencioso. Expediente nº 12629/111

Sentenza nº 66 do 3 de marzo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 375/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do 11/10/2019 da Concellería de Medio Ambiente.

Expte(s): 14049/306

A sentenza, non firme, desestima o recurso ao considerar que a medición de ruídos realizouse correctamente e que sanción era proporcional.

Debe coñecer o resolto o departamento de Medio Ambiente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da

xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(402).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 5/2020). EXPTE. 12809/111.

Dáse conta do informe-proposta do 12/05/2020, asinado polo letrado xefa da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Relación XGL n.º 5/2020

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 11446/111

Sentenza nº 172 do 24 de abril de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2 de A Coruña.

Recurso de apelación: 4199/2018

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación da reclamación de cantidade na obra de mellora reposición de espazos públicos no casco Vello, ámbito Praza da Princesa e de Argüelles.

Expte(s): 7279-307

Desestima o recurso de apelación deste Concello contra a sentenza de instancia, con custas taxadas de oficio.

A cantidade resultante (con xuros) da execución da sentenza (67.162,89€) foi xa aboada o 22/11/2018 polo que, entendemos, foi xa obxecto de execución ("provisoria").

O Servizo de Patrimonio histórico debe coñecer do resolto e executar a sentenza.



Concello de Vigo

Proc. Orixe: PO 98/2016 XDO. Contencioso-Administrativo n.º 1, sentenza 83/2018 comunicada na XGL do 31/05/2018

2.- Contencioso. Expediente nº 12000/111
Sentenza nº 75 do 14 de febreiro de 2020
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Ordinario: 15113/2019

Demandante/Recorrente: EMPRESA

Obxecto: desestimación da reclamación e aprobación da modificación para o exercicio 2019 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (publicada no BOP de Pontevedra o 07/12/2018).

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, desestima íntegramente o recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario do 28/11/2019 de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal nº 2- IBI, ao non apreciar as infraccións formais denunciadas (consulta previa, impacto orzamentario) nin infracción material do artigo 62.3 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ao regular unha exención rogada para os centros sanitarios de atención primaria de saúde a cargo do persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

A Dirección de Ingresos e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 12058/111
Sentenza nº 83 do 28 de abril de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 96/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 5524/243

Contía: 73.568,49 €

Esta demanda, que non é firme, e contra a que se pode interpoñer recurso de apelación pola actora, desestima a demanda.

A pretensión recollida na demanda, indemnizatoria por unha caída na Rúa León, se desestima por varias razóns. A sentenza considera cumprido o estándar de servizo, xa que se procedeu á reparación logo de coñecerse polo Concello a existencia do desperfecto. Consta un parte da Policía Local da asistencia ese día á demandante.

Canto á relevancia do desperfecto causante da caída, se resolve que se trata de algo de mínima entidade, deteriorado polo uso normal compartido de vehículos e peóns, e que unha atención normal permite a súa evitación. A maior abundamento, tanto o local de negocio rexentado pola actora, como o seu enderezo particular atópanse moi próximos, polo que debía coñecerlos.

O Servizo de Patrimonio-Responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12093/111
Sentenza nº 36 do 27 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 132/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolucións do TEA ditadas o 31/01/2019, que desestiman reclamacións económica-administrativas contra desestimacións dos recursos de reposición, impugnando indirectamente a ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Expte(s): 4786/550, 4787/550, 4785/550 e 4784/550 (35176-502, 35179-502, 35173-502, 35177-502)

Contía: 90.369,60 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con imposición de custas á demandante, validando as liquidacións pola taxa por aproveitamento especial do dominio público municipal coa colocación de andamios (ao excederse no tempo e as medidas autorizadas), derivadas dos procedementos de comprobación limitada tramitados.

A Inspección de Tributos e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 12160/111

Sentenza nº 40 do 15 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 176/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do Concello de Vigo que estima parcialmente a reclamación de RPA polos danos sufridos no autobús matrícula 3137-DPR por mor do impacto dun contedor de recollida de RSU desprazado polo vento.

Expte(s): 5717/243

Contía: 2.944,33 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso de Automóviles de Tui e estima o recurso de CONTENUR por dous motivos:

- Carencia de proba na imputación a CONTENUR (en relación coa actuación de F.C.C. S.A.) no caso concreto.

- Indebida inclusión do lucro cesante na contía indemnizable.

Revógase o resolto o 06/03 e 31/05/2019 (confirmatoria en reposición) polo que o Concello debe resolver e tramitar novamente en tempo e forma, a reclamación administrativa da concesionaria

O departamento de Patrimonio-RPA debe executar o resolto (obriga de facer).

6.- Contencioso. Expediente nº 12311/111

Decreto do 14 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 266/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución da XMU do 23/04/2019 que ordeaba o desaloxamento de vivenda de titularidade municipal

Expte(s): 99307-421

Contía: (Indeterminada)



Concello de Vigo

Acepta o desistimento da actora.

7.- Contencioso. Expediente nº 12323/111
Sentenza nº 59 do 17 de abril de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 272/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: nomeamento con cargo á praza vacante de oficial da Policía Municipal.
Expte(s): 32853-220

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso do demandante, que pretendía o dereito a recoñecer superado o proceso selectivo dunha praza de oficial da Policía Local. A sentenza critica a realización da proba tipo test, cuestionando o seu axuste a dereito, e considerándoa carente do rigor e a seguridade esixible. Sen embargo, aplicando o criterio de seguridade xurídica, como o demandante non a impugnou en tempo e forma, convírtese nun acto consentido e sen posibilidade de impugnación.

Canto ao caso práctico, único exercicio posible sobre o que desprezar a potestade de control do órgano de selección por parte do Xulgado, considera axustado a dereito o resultado acadado, motivado, e polo tanto, inatacable en canto ao fondo.

O departamento de Seguridade e a Área de Recursos Humanos deben coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 12349/111
Sentenza nº 72 do 20 de abril de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 281/2019
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 30/08/2019 que acorda a execución da sentenza ditada no RCA nº 328/2017 liquidacións do contrato de concesión de aparcadoiros soterrados.
Expte(s): 6258/241
Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, inadmite por falta de competencia funcional, o recurso dirixido pola actora contra o acto administrativo.

A demandante é a Administración Concursal de Cocheras Olívicas de Puentes SAU en liquidación, que impugnou o Acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de agosto do 2019, que acordou executar a sentenza ditada no PO 328/2017, polo Xulgado do Contencioso-administrativo n 1 de Vigo, na execución provisional 16/2019.

A sentenza acolle a alegación do Concello, porque as cuestións relacionadas coa execución da sentenza, deben resolverse por medio dos incidentes executorios, e esta resolución dictouse en execución de sentenza.

Os Servizos de Transportes e Contratación deben coñecer do resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12394/111
Sentenza nº 43 do 15 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 306/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados na súa vivenda trala demolición dunha edificación

Expte(s): 717/426

Contía: 1.677,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso (sen custas ao non ter sido resolta a reclamación contra o Concello).

O departamento de Patrimonio-RPA e a XMU (Conservación e Dirección de obras municipais) deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12440/111

Sentenza nº 64 do 17 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 317/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 30/07/2019 desestimatoria da solicitude presentada en materia de permiso por maternidade.

Expte(s): 34079-220

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso da demandante e recoñece o seu dereito a disfrutar de vinte semanas de permiso de maternidade, detraendo o xa disfrutado.

Toma como antecedente para resolver a sentenza do TSXG que resolveu un recurso idéntico coñecido polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, ratificada polo Tribunal Superior.

Nesa sentenza do TSXG se resolve, en canto resulta de aplicación ao réxime de permisos, o sistema de fontes aplicable ao persoal funcionario local, considerando que os dereitos recollidos na Lei de Emprego Público de Galicia son de preferente aplicación fronte á regulación estatal, criterio municipal seguido na resolución impugnada.

A Área de RRHH debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

11.- Contencioso. Expediente nº 12451/111

Sentenza nº 49 do 16 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 330/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación do recurso de reposición formulado en expediente sancionador.

Expte(s): 2019/1628

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Executiva deben executar o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 12455/111



Concello de Vigo

Sentenza nº 74 do 21 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 332/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 30/08/2019 autoliquidación do imposto sobre incremento do valor dos terreos da natureza urbana.

Expte(s): 4922-550

Contía: 1.312,97 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, con custas taxadas de oficio.

A Dirección de Ingresos (IIVTNU e Inspección) deben executar o resolto, con devolución do ingreso indebido (pendente).

13.- Contencioso. Expediente nº 12505/111

Auto nº 27 do 10 de marzo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 340/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: acordo da XGL do Concello de Vigo do 26/09/2019, desestimatorio do recurso de reposición formulado fronte a acordo previo do 01/08/2019 que desestimou a reclamación de recoñecemento de dereito de situación de interinidade nos postos docentes desempeñados na EMAO.

Expte(s): 34670-220

Admite a desistencia dos demandantes.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12546/111

Sentenza nº 51 do 16 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 360/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Contra resolución que impón sanción pola comisión dunha infracción grave pola ocupación da vía pública (ordenanza de terrazas).

Expte(s): 110898/210

Esta sentenza, firme, estima o recurso (por un erro na denominación do local na denuncia inicial non aclarada ou corrixida de xeito motivado posteriormente), con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade-Policía Municipal (que ten atribuída a xestión desta Ordenanza) debe executar o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 12596/111

Sentenza nº 63 do 17 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 377/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación en materia de Responsabilidade Patrimonial po los danos sufridos no seu vehículo polas labores de limpeza que operarios do servizo do Concello de Vigo realizaban na rúa Areeiro nº 93
Expte(s): 5917/243

Esta sentenza, que é firme, estima parcialmente o recurso e condena ao abono do importe reclamado en concepto de indemnización, incrementado cos xuros.

Non acolle a alegación da satisfacción extraprocesual e polo tanto, a carencia sobrevida, por mor da ausencia de estimación dos xuros, xunto co importe do principal.

O Servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto e executar a sentenza, que se limitará, comprobado o pagamento do principal, á liquidación e pagamento do importe dos xuros, como se resolve nesta sentenza.

16.- Contencioso. Expediente nº 12609/111

Sentenza nº 73 do 21 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 379/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución sancionadora que impón multa de 500€ e retirada de 6 puntos.

Expte(s): 2019/65286

Contía: 500,00 €

A sentenza, firme, estima o recurso interposto contra a resolución ditada no expte 2019/65286 que lle impuxo ao recorrente unha sanción de 500€ e perda de 6 puntos do carnet de conducir como responsable dunha infracción moi grave de conducción temeraria, condenando en custas á Administración co límite de 200€.

Debe coñecer o resolto o departamento de Seguridade.

17.- Contencioso. Expediente nº 12610/111

Sentenza nº 53 do 16 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 380/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos a consecuencia dunha caída da vía pública.

Expte(s): 5673/243

Contía: 10.271,10 €

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso, sen imposición de custas.

Na sentenza se recolle a dificultade de resolver o asunto tendo en conta a indeterminación do lugar concreto onde se produce a caída, e polo tanto, de apreciar a existencia da responsabilidade municipal. Indica a sentenza que se se atende á tese da actora, non existiría responsabilidade do Concello pola irrelevancia do desperfecto. A certeza, sequera mínima, do lugar onde se produce esa caída e os seus danos impide a estimación parcial da



Concello de Vigo

mesma, polo que aplicando a regra da carga da proba e da valoración da mesma, desestima a demanda.

O Servizo de Patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 12618/111
Sentenza nº 70 do 18 de febreiro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra
Abreviado: 315/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: denuncia pola comisión dunha infracción moi grave por non identificar ao conductor
Expte(s): 2018/26703 E 2019/13021
Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 12647/111
Sentenza nº 65 do 17 de abril de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 17/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución sancionadora ditada polo Concello de Vigo con data 07/11/2019 por contaminación acústica.
Expte(s): 14319/306
Contía: 9.015,19 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Medio Ambiente debe coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as

Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dáse conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte positiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(403).-REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE. 6453/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade .
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2018, adxudicou a Xermolo Dinamización Sociocultural SL., o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (expte 8398-224).

O contrato formalizouse na data 8 de novembro de 2018 . A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, acordou aprobar a primeira prórroga do contrato que abrangue desde o 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020, ambos incluídos.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:



Concello de Vigo

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (8.398-224), formalizado con XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Octavo.- O Real Decreto 514/2020, de 9 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

Noveno.- A Orden SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade establece as condicións da reapertura de pabellóns de congresos, salas conferencias, salas multiusos e outros establecementos e instalacións similares.

Décimo.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Undécimo.- En data 29 de maio de 2020, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade informan o seguinte:

**“ INFORME SOBRE REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DE CONTRATO DE SERVIZOS
DESTINATARIO: SERVIZO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO**

ASUNTO: CONTRATO PARA A “XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES”.

REFERENCIA EXPTE .CONTRATACIÓN: 6453/241

REFERENCIA EXPTE. IGUALDADE: 8398/224

Fin da suspensión do contrato por imposibilidade de execución como consecuencia da situación de alarma sanitaria producida pola pandemia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, a comunidade autónoma de Galicia ou o Concello de Vigo para combatelo.

ANTECEDENTES

I. A situación de emerxencia sanitaria creada pola evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 obrigou a adopción das medidas preventivas en materia de saúde pública e o peche ao público de determinados centros:

- Resolución de Alcaldía do 12 de marzo, pola que se acorda o peche dunha serie de instalacións municipais, entre elas, a Casa das Mulleres.*
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Neste decreto suspéndense actividades nos establecementos abertos ao público.*
- O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e sucesivas prórrogas, polo que se declara o estado de alarma no ámbito do estado, que limita a liberdade de circulación das persoas e suspende a apertura ao público de museos, arquivos, bibliotecas, establecementos de ocio, etc.*

II. O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle, no seu artigo 34, medidas en materia de contratación pública, establecendo que os contratos públicos de servizos e de subministros de prestación sucesiva, vixentes á entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña a imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, quedarán automaticamente suspendidos dende que se producira a situación de feito que impide a súa prestación e ata que dita prestación poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, tendo cesado as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

III. Como consecuencia disto, a Xunta de Goberno Local de de data 9 de abril de 2020 acordou declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a "XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (expte. 8398-224), formalizado con XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, con efectos desde o 14 de marzo de 2020.

IV. O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modifica o dito Real Decreto 463/2020, e establece, no seu artigo 3 a posible adopción de medidas de



Concello de Vigo

progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, e á vista de evolución de indicadores.

V. A Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 2 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade (BOE núm. 130 de 09/05/2020), cuxo ámbito de aplicación se estende ás unidades territoriais que se indican no Anexo, establece, no seu artigo 48 establece as condicións da reapertura de pabellóns de congresos, salas conferencias, salas multiusos e outros establecementos e instalacións similares. Especificase na Orde que nos ditos eventos deberán cumprirse as obrigas de distancia física esixida de dous metros, sen superar en ningún caso a cifra de 50 asistentes, debendo fomentarse a actividade non presencial daqueles que poidan presentar a súa actividade a distancia.

VI. Mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

VII. En cumprimento do ordenado, o Servizo de Igualdade púxose en contacto coa adxudicataria do servizo (Xermolo Dinamización Sociocultural) coa finalidade de que se poidan ir adoptando as medidas oportunas para a próxima apertura da Casa das Mulleres, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. Con data 27/05/2020, o Servizo de Igualdade remitiulle á empresa adxudicataria do servizo o documento de coordinación de actividades empresariais. Neste documento requíriuselles o Plan de prevención de riscos para o seu persoal, así como unha proposta da planificación da organización do funcionamento do centro e medidas a adoptar co fin de minimizar o risco de contaxio da COVID19, conforme coa normativa vixente. A adxudicataria achegou a dita documentación con data 28 de maio de 2020.

Á vista dos antecedentes, emítese o seguinte

INFORME

1. Tipo de contrato e formalización.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2018, adjudicou a Xermolo Dinamización Sociocultural SL., o “procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (expte 8398-224)”.

O contrato formalizouse na data 8 de novembro de 2018 . A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, acordou aprobar a primeira prórroga do contrato que abrangue desde o 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020, ambos incluídos.

Polo seu obxecto é un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

A responsable do contrato é a xefa do Servizo de Igualdade, conforme co establecido no apartado 1.C das FEC do PCAP.

2.- O obxecto do contrato conforme ao PCAP

O obxecto do contrato segundo a definición do PCAP é “a xestión e dinamización da Casa das Mulleres, co obxectivo de fomentar a participación social das mulleres”.

A Casa das Mulleres de Vigo é un centro dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan. Neste espazo realízanse xuntanzas, exposicións e relatorios, impártense cursos e outras actividades que promovan a participación e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, unhas veces organizadas pola propia Concellería de Igualdade e outras por mulleres, ben a título individual ou ben como colectivo, a través das súas organizacións.

A Casa das Mulleres dá cabida aos proxectos do asociacionismo feminino local, dá resposta ás demandas do movemento asociativo das mulleres de Vigo, poñendo á súa disposición un equipamento con locais que ofrecen un lugar de encontro e de referencia para todas as mulleres, fomentando o encontro, o intercambio de experiencias e as redes de solidariedade entre os distintos colectivos feministas dando lugar a un fortalecemento do asociacionismo de mulleres. O apoio ao asociacionismo de mulleres concrétase tamén con tarefas de información en asesoramento sobre recursos e actividades e xestionando os espazos da Casa das Mulleres onde os colectivos se poden reunir.

3.- Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).

l) Control de acceso e información ao público con enfoque de xénero, que abarca as seguintes funcións:



Concello de Vigo

- *Apertura e peche das instalacións debendo permanecer nelas durante o horario establecido.*
- *Atención ao público e ás entidades sen ánimo de lucro de forma presencial, telefónica e telemática, xerando unha dinámica participativa e con enfoque de xénero, axudando ás usuarias a localizar e utilizar convenientemente as instalacións e informando das actividades que se desenvolven nelas, horarios, dirección, normativa do servizo, etc.*
- *Xestionar as solicitudes de cesión de espazos e distribución de aulas dirixíndoas á Concellería de Igualdade para dar a súa conformidade definitiva.*
- *Información e derivación ás usuarias a outros recursos especializados de atención ás mulleres cando así sexa preciso.*
- *Vixilancia e control de accesos á instalación municipal e, no caso de ser preciso, procederáse á identificación persoal da/o visitante.*
- *Actualización dos taboleiros de anuncios.*
- *Elaboración do parte de incidencias.*
- *Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realizar as súas funcións.*
- *Rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalacións.*
- *Rexistro diario da actividade a efectos estatísticos.*

II) Fomento da dinamización e participación social a colectivos de mulleres e usuarias :

- *Dinamización dos colectivos e asociacións de mulleres usuarias do servizo.*
- *Fomento da participación social das mulleres usuarias do servizo.*
- *Difundir a finalidade, actividades e recursos do centro entre a cidadanía viguesa, especialmente entre o colectivo especialmente destinatario: mulleres a título individual e/ou colectivo.*
- *Trasladar ao servizo de Igualdade as propostas, achegas e suxestións das usuarias.*
- *Colaborar co Servizo de Igualdade na proposta, programa e execución do programa de actividades que se desenvolva na Casa das Mulleres e promova a Concellería de Igualdade.*
- *Planificar e desenvolver o programa anual de actividades. Con carácter anual, adxudicataria propondrá ao Concello o programa de actividades que deberá cumprir, cando menos, a inversión do número de horas ofertadas no programa proposto na licitación e conservar a calidade e aspectos técnicos que lle foron valorados na proposta inicial (mínimo 240 horas/ano).*

Esta programación posibilitará a creación, participación e a relación das mulleres, así como os seus contidos deberán incluír a perspectiva de xénero.

4.- Declaración de suspensión e data na que se produciu-

A Xunta de Goberno Local de de data 9 de abril de 2020 acordou:

“1o.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (8.398-224), formalizado con XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2o.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

5.- Reanudación da prestación do servizo

De conformidade co exposto nos antecedentes, as circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo como consecuencia das restricións impostas á cidadanía desde a declaración do estado de alarma e as sucesivas prórrogas, fóronse flexibilizando logo da aprobación mediante acordo do 28 de abril do Consello de Ministras e Ministros de aprobación do Plan para a desescalada, mediante a publicación das seguintes normas: o Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, de prórroga do estado de alarma (art 3); a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 1, e a Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 2; posibilitando:

- Unha maior actividade e liberdade de circulación da poboación

- A reanudación de actividades tales coma as contempladas no artigo 48, sobre as condicións da reapertura de pavillóns de congresos, salas conferencias, salas multiusos e outros establecementos e instalacións similares, o que determina a necesidade da reanudación da súa prestación a fin de ir adoptando as medidas procedentes cara a apertura das instalacións por mor da progresiva flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Xa que logo, coa desescalada e a conseguinte relaxación das limitacións que impedían a execución, resulta motivada a reanudación das prestacións, para o que resulta necesaria a presenza do persoal adscrito ao contrato.

A reanudación total da execución permitirá que no centro obxecto do contrato se leven a cabo, entre outras prestacións:

– A preparación das instalacións para a atención presencial polo servizo xestor cos servizos de coordinación e de atención ao público adscritos ao contrato, en coordinación coa Concellería de Igualdade.



Concello de Vigo

- *A reanudación total dos servizos de control de acceso e de información ao público, de acordo coas indicacións da Concellería delegada de Igualdade, conforme coa normativa vixente e atendendo ás sucesivas fases da desescalada. A atención ao público pasará a desenvolverse telefónica e telematicamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.*
- *A planificación de actividades de dinamización e participación social a colectivos de mulleres e usuarias. Estas actividades reactivaranse nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a súa organización á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e participación social realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan.*
- *Fomento de actividades telemáticas entre as usuarias/os da Casa das Mulleres.*

Dado que a normativa permite a reapertura da Casa das Mulleres, desde o Servizo de Igualdade realizáronse as xestións necesarias para que, en coordinación coa empresa adxudicataria, se adopten as medidas oportunas e se organice o funcionamento do centro conforme a normativa vixente en cada momento. Por todo isto, valoramos que a data adecuada para reiniciar a prestación do servizo adxudicado sería o 8 de xuño, coincidindo, previsiblemente, co inicio da Fase 3 do Plan de desescalada no noso territorio.

6.- Proposición de reanudación total da prestación do contrato e data na que se produce.

Data efectiva da reanudación: 8 de xuño de 2020.

De conformidade coas consideración anteriormente expostas e ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente:

- *A reanudación total do contrato de servizos que o Concello de Vigo ten asinado coa empresa Xermolo Dinamización Sociocultural SL, adxudicataria da xestión e dinamización da Casa das Mulleres, suspendido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 (expte 6453/221), nos termos expostos, por ter cesado as medidas que impedían a súa execución.*
- *Que se practiquen as actuacións necesarias para reanudar a prestación obxecto do contrato, con efectos desde o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. A atención ao público e as actividades de dinamización e*

participación social pasará a desenvolverse telefonica e telematicamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.(...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUCENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendeu a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte a resolución da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acordouse o peche ao público dunha serie de instalacións municipais, entre elas a Casa das Mulleres

O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, no seu artigo 3 establece o seguinte:

"En aplicación del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19, aprobado por el Consejo de Ministros en su reunión e 28 de abril de 2020, el Ministro de Sanidad, a propuesta, en su caso, de las comunidades autónomas y de las ciudades de Ceuta y Melilla, y a la vista de la evolución de los indicadores sanitarios, epidemiológicos, sociales, económicos y de movilidad, podrá acordar, en el ámbito de su competencia, la progresión de las medidas aplicables en un determinado ámbito territorial, sin perjuicio de las habilitaciones conferidas al resto de autoridades delegadas competentes. La regresión de las medidas hasta las previstas en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se hará, en su caso, siguiendo el mismo procedimiento. (...)"

A Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 2 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade (BOE núm. 130 de 09/05/2020), cuxo ámbito de aplicación se estende ás unidades territoriais que se indican no Anexo, establece, no seu artigo 48 establece as



Concello de Vigo

condicións da reapertura de pabellóns de congresos, salas conferencias, salas multiusos e outros establecementos e instalacións similares. Especificase na Orde que nos ditos eventos deberán cumprirse as obrigas de distancia física esixida de dous metros, sen superar en ningún caso a cifra de 50 asistentes, debendo fomentarse a actividade non presencial daqueles que poidan presentar a súa actividade a distancia.

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, instase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente a reanudación total do contrato con efectos desde o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. A atención ao público e as actividades de dinamización e participación social pasará a desenvolverse telefonica e telematicamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a reanudación da execución do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (expte. 8398-224) o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. A atención ao público e as actividades de dinamización e participación social pasará a desenvolverse telefonica e telematicamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (expte. 8398-224) o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa

Concellería de Igualdade. A atención ao público e as actividades de dinamización e participación social pasará a desenvolverse telefonica e telematicamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(404).-REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6454/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de



Concello de Vigo

alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade .

- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2018, adxudicou a Xermolo Dinamización Sociocultural SL., o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224).

O contrato formalizouse na data 8 de novembro de 2018 . A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, acordou aprobar a primeira prórroga do contrato que abrangue desde o 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020, ambos incluídos.

Segundo.- En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acorda o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º).

En resolución da mesma data amplíase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

Terceiro.- Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta

Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

Cuarto.- Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Quinto.- O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Sexto.- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a “XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO” (8.568-224), formalizado con XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Octavo.- O Real Decreto 514/2020, de 9 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

Noveno.- A Orden SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, establece as condicións para dita flexibilización en relación a determinadas actividades, entre as que se atopa á apertura das bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en salas, así como, información bibliográfica e bibliotecaria.

Décimo.- Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.



Concello de Vigo

Undécimo.- En data 29 de maio de 2020, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade informan o seguinte:

**“ INFORME SOBRE REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DE CONTRATO DE SERVIZOS
DESTINATARIO: SERVIZO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO**

ASUNTO: CONTRATO PARA A “XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO”.

REFERENCIA EXPTE .CONTRATACIÓN: 6454/241

REFERENCIA EXPTE. IGUALDADE: 8568/224

Fin da suspensión do contrato por imposibilidade de execución como consecuencia da situación de alarma sanitaria producida pola pandemia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, a comunidade autónoma de Galicia ou o Concello de Vigo para combatelo.

ANTECEDENTES

I. A situación de emerxencia sanitaria creada pola evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 obrigou a adopción das medidas preventivas en materia de saúde pública e o peche ao público de determinados centros:

- Resolución de Alcaldía do 12 de marzo, pola que se acorda o peche dunha serie de instalacións municipais, entre elas, o Centro de Documentación e Recursos Feministas.*
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Neste decreto suspéndense actividades nos establecementos abertos ao público.*
- O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e sucesivas prórrogas, polo que se declara o estado de alarma no ámbito do estado, que limita a liberdade de circulación das persoas e suspende a apertura ao público de museos, arquivos, bibliotecas, establecementos de ocio, etc.*

II. O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle, no seu artigo 34, medidas en materia de contratación pública, establecendo que os contratos públicos de servizos e de subministros de prestación sucesiva, vixentes á entrada en vigor deste real decreto lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña a imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, quedarán automaticamente suspendi-

dos dende que se producira a situación de feito que impide a súa prestación e ata que dita prestación poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, tendo cesado as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

III. Como consecuencia disto, a Xunta de Goberno Local de de data 9 de abril de 2020 acordou declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a "XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO" (8.568-224), formalizado con XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19, con efectos desde o 14 de marzo de 2020.

IV. O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modifica o dito Real Decreto 463/2020, e establece, no seu artigo 3 a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, e á vista de evolución de indicadores.

V. A Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade (BOE núm. 130 de 09/05/2020), cuxo ámbito de aplicación se estende ás unidades territoriais que se indican no Anexo, establece, no seu artigo 23, que poderá procederse á apertura das bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en salas, así como, información bibliográfica e bibliotecaria, sen que podan levarse a cabo actividades culturais, de estudo en sala ou de préstamo interbibliotecario, así coma calquera outro servizo destinado ao público distinto dos mencionados anteriormente. Tampouco se poderá facer uso de ordenadores e medios informáticos destinados para o uso público dos cidadáns, así como de catálogos de acceso público en liña ou catálogos en fichas da biblioteca. Todo o anterior, deberá facerse con observancia das normas de hixiene, prevención, e información, reguladas nos artigos 24 e 25 da mesma norma.

VI. Mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.



Concello de Vigo

VII. En cumprimento do ordenado, o Servizo de Igualdade púxose en contacto coa adxudicataria do servizo (Xermolo Dinamización Sociocultural) coa finalidade de que se poidan ir adoptando as medidas oportunas para a próxima apertura do Centro de Documentación e Recursos Feministas, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. Con data 22/05/2020, o Servizo de Igualdade remitiulle á empresa adxudicataria do servizo o documento de coordinación de actividades empresariais. Neste documento requíriuselles o Plan de prevención de riscos para o seu persoal, así como unha proposta da planificación da organización do funcionamento do centro e medidas a adoptar co fin de minimizar o risco de contaxio da COVID19, conforme coa normativa vixente. A adxudicataria achegou a dita documentación con data 27 de maio de 2020.

Á vista dos antecedentes, emítense o seguinte

INFORME

1. Tipo de contrato e formalización.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2018, adxudicou a Xermolo Dinamización Sociocultural SL., o “procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)”.

O contrato formalizouse na data 8 de novembro de 2018 . A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 9 de novembro de 2018 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, acordou aprobar a primeira prórroga do contrato que abrangue desde o 9 de novembro de 2019 ao 8 de novembro de 2020, ambos incluídos.

Polo seu obxecto é un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

A responsable do contrato é a xefa do Servizo de Igualdade, conforme co establecido no apartado 1.C das FEC do PCAP.

2.- O obxecto do contrato conforme ao PCAP

O obxecto do contrato segundo a definición do PCAP é “a xestión e a dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas, centro dependente da Concellería de Igualdade que xestiona información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas. Coa execución do contrato perséguese integrar de xeito transversal na

devandita xestión, a perspectiva de xénero e os elementos de extensión e dinamización da cultura da Igualdade que fomenten o coñecemento e a participación entre a cidadanía”.

3.- Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).

a) Control de acceso e información ao público:

- . Apertura e peche da instalación debendo permanecer nela durante o horario establecido.*
- . Atención ao público de forma presencial, telefónica e telemática, xerando unha dinámica participativa, axudando ao público a localizar e utilizar convenientemente as instalacións, os seus fondos de documentación e informando das actividades que se desenvolven no centro, horarios, dirección, normativa do servizo, etc.*
- . Trasladar ao servizo de Igualdade as propostas, achegas e suxestións das persoas usuarias.*
- . Vixilancia e control de accesos á instalación municipal e, no caso de ser preciso, procederase á identificación persoal da/o visitante.*
- . Actualización do taboleiro de anuncios.*
- . Elaboración do parte de incidencias.*
- . Recollida de datos e estatísticas de forma desglosada por sexos.*
- . Coidar do perfecto estado do fondo bibliográfico, material e ferramentas que necesite para realizar as súas funcións.*
- . Supervisión das instalacións e notificación de avarías, despertos ou mal funcionamento das instalacións e equipos.*
- . Rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalacións.*

b) Biblioteconomía, documentación:

- . Asesoramento documental especializado.*
- . Recepción, rexistro e control dos fondos bibliográficos e documentais para a súa posta a disposición do público.*
- . Xestións do préstamo a domicilio e interbibliotecario.*
- . Tramitacións do rexistro de socias/os ou carnés: altas, baixas, modificacións.*
- . Mantemento, actualización e procura en base de datos.*



Concello de Vigo

- . Realizar as tarefas de catalogación e clasificación dos fondos bibliográficos e documentais.
- . Realizar as tarefas necesarias para manter actualizado o Inventario do fondo de Documentación, comunicando as altas e as baixas ao Servizo de Igualdade do Concello.
- . Realizar propostas ao Servizo de Igualdade para a selección de novas achegas e reposicións para o fondo de Documentación.

c) Actividades de extensión e dinamización cultural :

- . Planificar e desenvolver un programa anual de actividades que teña integrada a perspectiva de xénero e teña por obxecto a dinamización e extensión cultural do centro, así como colaborar con Servizo municipal de Igualdade na súa organización e avaliación.
- . Dinamización do Centro e difusión e fomento da cultura da Igualdade entre a cidadanía, especialmente a través dos colectivos e asociacións de mulleres da cidade.

4.- Declaración de suspensión e data na que se produciu:-

A Xunta de Goberno Local de de data 9 de abril de 2020 acordou:

1o.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a “XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO” (8.568-224), formalizado con XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2o.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”

5.- Reanudación da prestación do servizo

De conformidade co exposto nos antecedentes, as circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo como consecuencia das restricións impostas á cidadanía desde a declaración do estado de alarma e as sucesivas prórrogas, fóronse flexibilizando logo da aprobación mediante acordo do 28 de abril do Consello de Ministras e Ministros de aprobación do Plan para a desescalada, mediante a publicación das seguintes normas: o Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, de prórroga do estado de alarma (art 3); a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 1, e a Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 2; posibilitando:

- Unha maior actividade e liberdade de circulación da poboación

- A reanudación de actividades tales coma as contempladas no artigo 23 con respecto á apertura de bibliotecas para actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en salas, así como, información bibliográfica e bibliotecaria, o que determina a necesidade da reanudación da súa prestación a fin de ir adoptando as medidas procedentes cara a apertura das instalacións por mor da progresiva flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Xa que logo, coa desescalada e a conseguinte relaxación das limitacións que impedían a execución, resulta motivada a reanudación das prestacións, para o que resulta necesaria a presenza do persoal adscrito ao contrato.

A reanudación total da execución permitirá que no centro obxecto do contrato se leven a cabo, entre outras prestacións:

– A preparación das instalacións para a atención presencial polo servizo xestor cos servizos de coordinación e de atención ao público adscritos ao contrato, en coordinación coa Concellería de Igualdade.

– A reanudación total dos servizos de control de acceso e de información ao público, así como de biblioteconomía e documentación de acordo coas indicacións da Concellería delegada de Igualdade, que se fará de forma presencial e telefónica e telemática conforme coa normativa vixente e atendendo ás sucesivas fases da desescalada.

– A planificación de actividades de dinamización e extensión cultural do centro. As actividades de dinamización e extensión cultural reactivaranse nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a súa organización á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e extensión cultural realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan.

– Fomento de actividades telemáticas entre as usuarias/os do Centro de Documentación e Recursos Feministas.

Dado que a normativa permite a reapertura do Centro de Documentación e Recursos Feministas, desde o Servizo de Igualdade realizáronse as xestións necesarias para que, en coordinación coa empresa adxudicataria, se adopten as medidas oportunas e se organice o funcionamento do centro conforme a normativa vixente en cada momento. Por todo isto, valoramos que a data adecuada para reiniciar a prestación do servizo adxudicado será o 8 de xuño, coincidindo, previsiblemente, co inicio da Fase 3 do Plan de desescalada no noso territorio.

6.- *Proposición de reanudación total da prestación do contrato e data na que se produce.*



Concello de Vigo

Data efectiva da reanudación: 8 de xuño de 2020.

De conformidade coas consideración anteriormente expostas e ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente:

- A reanudación total do contrato de servizos que o Concello de Vigo ten asinado coa empresa Xermolo Dinamización Sociocultural SL, adxudicataria da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas, suspendido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 (expte 6454/221), nos termos expostos, por ter cesado as medidas que impedían a súa execución.

- Que se practiquen as actuacións necesarias para reanudar a prestación obxecto do contrato, con efectos desde o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e extensión cultural realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan.(...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspendeu a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte a resolución da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acordouse o peche ao público dunha serie de instalacións municipais, entre elas o Centro de Documentación e Recursos Feministas así como se acordo a suspensión de todos os actos públicos organizados polo Concello e actividades e programas municipais dirixidos ao público en xeral, que non teñan carácter asistencial básico.

O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, no seu artigo 3 establece o seguinte:

“En aplicación del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19, aprobado por el Consejo de Ministros en su reunión e28 de abril de 2020, el Ministro de Sanidad, a propuesta, en su caso, de las comunidades autónomas y de las ciudades de Ceuta y Melilla, y a la vista de la evolución de los indicadores sanitarios, epidemiológicos, sociales, económicos y de movilidad, podrá acordar, en el ámbito de su competencia, la progresión de las medidas aplicables en un determinado ámbito territorial, sin perjuicio de las habilitaciones conferidas al resto de autoridades delegadas competentes. La regresión de las medidas hasta las previstas en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se hará, en su caso, siguiendo el mismo procedimiento. (...)”.

A Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, no seus artigo 23, 24 e 25 establece as condicións para a apertura das bibliotecas, tanto de titularidade pública como privadas para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en salas, así como, información bibliográfica e bibliotecaria, sen que podan levarse a cabo actividades culturais, de estudo en sala ou de préstamo interbibliotecario, así coma calquera outro servizo destinado ao público distinto dos mencionados anteriormente. Tampouco se poderá facer uso de ordenadores e medios informáticos destinados para o uso público dos cidadáns, así como de catálogos de acceso público en liña ou catálogos en fichas da biblioteca.

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor informa que, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente a reanudación total do contrato con efectos desde o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e extensión cultural realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan.



Concello de Vigo

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a reanudación da execución do contrato de servizos para a “xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas do Concello de Vigo (8.568-224) o luns, 8 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e extensión cultural realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan.

-II-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO (8.568-224) o luns, 8 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e extensión cultural realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(405).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2020. EXPTE. 19608/333.

Dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2020, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
3505-611	SERVIZO DE ADAPTACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE ACENDIDO DE LUZ NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE CANDEÁN, MEIXOEIRO, BOUZAS, A BOUZA E NAVIA PARTIDA: 3420-2130002 DOC. CONT.: ADM 13263	ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, SL (B36955763)	18/02/20	30/03/20	4.751,37 €
3467-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE MANTEMENTO NO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS CONSISTENTE NA PODA DUNHA ÁRBORE PARA ELIMINAR A ORUGA PROCESIONARIA PARTIDA: 3420-2100001 DOC. CONT.: ADM 7022	AGRONERGA, SL (B36448652)	16/01/20	10/02/20	578,38 €



Concello de Vigo

3550-611	SERVIZO DE MANTENIMENTO TÉCNICO-LEGAL A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARA A PREVENCIÓN DA LEXIONELLA PARTIDA: 3420-2279916 DOC. CONT.: 23236	AGRONERGA, SL (B36448652)	31/03/20	31/12/20	17.894,69 €
19406-333	SERVIZO DE DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE GALA RUN RUN VIGO-CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES PARTIDA: 3410.2260901 DOC. CONT.: ADM 6922	ALBERTO MIRÁS TURNES (44843115S)	21/014/20	31/01/20	617,10 €
3548-611	SERVIZO DE TRABALLOS TÉCNICOS DE REVISIÓN DAS LIÑAS DE VIDA EXISTENTES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-22479915 DOC. CONT.: 22739	ALTIUR FORMACIÓN Y PREVENCIÓN, SL (B34246256)	31/03/20	30/09/20	1.300,15 €
19417-333	Subministro de agasallos protocolarios-premio Gala do Atletismo RunRun Vigo 2020 PARTIDA: 3410-2260100 DOC. CONT.: ADM 9091	Carlos Fernandez Pol (36045005A)	30/01/20	20/02/20	444,12 €
3552-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DA ZONA DE PECHE DO EDIFICIO DA PISCINA DE LAVADORES PARTIDA: 3420-2120000 DOC. CONT.: 224738	CLAVIMAR GALICIA, SL (B36724557)	31/03/20	30/05/20	5.949,93 €

3471-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE FONTANERÍA PARA REALIZAR REPARACIONES CORRECTIVAS PUNTUAIS NAS INSTALACIONES DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2130001 DOC. CONT.: ADM 10799	COMERCIAL DE ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ,SL (B36739233)	23/01/20	30/10/20	4.511,97 €
3509-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE DIVERSA MAQUINARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT.: ADM 13264	COMERCIAL BUGARIN, SL (B36455525)	18/02/20	30/03/20	559,70 €
3480-611	SUBMINISTRO PUNTUAL DE MATERIAL DE LIMPEZA PARA O COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DAS TRAVESAS PARTIDA: 3420-2211000 DOC. CONT.: ADM 10281	DARLIM, SLU (B36612562)	03/02/20	28/02/20	1.449,85 €
3534-611	SERVIZO DE MANTENIMENTO DE SISTEMAS DE SEGURIDADE CONECTADOS DAS INSTALACIONES DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2270100 DOC. CONT.: 23068	DESARROLLOS DE SEGURIDAD Y COMUNICACIONES, SL (B24243685)	06/04/20	31/12/20	5.631,99 €



Concello de Vigo

3508-611	MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE SERVIZO DE MANTEMENTO CALDEIRAS DE PELLAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BOUZAS, SÁRDOMA, CANDEÁN, MEIXOEIRO E CASTRELOS PARTIDA: 3420-2279900 DOC. CONT.: ADM 13265	Energanova Soluciones SL (B27761105)	18/02/20	30/12/20	4.597,23 €
3472-611	Servizo de reparacións na instalación de AFS (auga fría sanitaria) ubicada no campo de fútbol municipal de Candeán PARTIDA: 3420-2120000 DOC. CONT.: ADM 9122	ENERGANOVA SOLUCIONES, SL (B27761105)	23/01/20	30/03/20	7.435,45 €
3531-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS SISTEMAS DE ALARMA SITUADOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2270100 DOC. CONT.: ADM 22741	EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, SLU (B36634715)	31/03/20	31/12/20	3.616,29 €
19564-333	Servizo de imaxe, mupis e lona para o programa municipal cross escolares-2020 PARTIDA: 3410-2260901 DOC. CONT.: 20905	ERREPETRÉS (B36803468)	11/03/20	30/03/20	1.700,05 €
19532-611	Subministro dorsal+chip co logo do concello de Vigo para a Gran Bikedada 2020 PARTIDA: 3410-2260901 DOC. CONT.: ADM 13196	Eze Mosquera Events, SL (B70351341)	14/02/20	30/03/20	2.884,64 €
19385-333	SUBMINISTRO PRENSA FARO DE VIGO PARTIDA: 3410-2200100 DOC. CONT.: ADM 7033	FARO DE VIGO, SAU (A36600815)	16/01/20	31/12/20	760 €

19389-333	SUBMINISTRO DE PRENSA LA VOZ DE GALICIA PARTIDA: 3410-2200100 DOC. CONT.: 7031	LA VOZ DE GALICIA, SA (A15000649)	16/01/20	31/12/20	415 €
19363-333	SERVIZO DE XESTIÓN DA CRONOMETRAXE NAS CARREIRAS POPULARES "SUBIDA AO CASTRO" E "BARRIO DO CALVARIO" PARTIDA: 3410-2260901 DOC. CONT.: ADM 2584	LODECO, SLU (B27375880)	03/01/20	28/02/20	2.444,20 €
19538-333	SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA CARREIRA 10K DE TEIS-RUNRUN VIGO PARTIDA: 3410-2260901 DOC. CONT.: ADM 15202	LODECO, SLU (B27375880)	19/02/20	30/03/20	1.222,10 €
19526-333	Servizo de colocación de placa conmemorativa obras de mellora campo de futbol municipal As Relfas-Sardoma PARTIDA: 3410-2260100 DOC. CONT.: ADM 11095	LUIS ALBERTO MOSQUERA MARCOS (78739710S)	11/02/20	28/02/20	196,02 €
3532-611	SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EQUIPOS E SISTEMAS CONTRA INCENDIOS DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS PARTIDA: 3420-2279915 DOC. CONT.: 22740	MADINFOR GLOBAL, SL (B27721687)	31/03/20	31/12/20	4.788,32 €
3510-611	ALUGUER DE DÚAS BOMBONAS DE GAS (ACETILENO) PARA SOLDADURA PARTIDA: 3420-2080000 DOC. CONT.: ADM 17080	NIPPON GASES ESPAÑA, SLU (B28062339)	24/02/20	30/04/20	895,40 €



Concello de Vigo

3470-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DA CALDEIRA E DA MÁQUINA DE XEO UBICADAS NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DAS TRAVESAS PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT.: 7541	OTEYCO MANTENIMENTOS, SL (B36891646),	21/01/20	20/02/20	1.852,22 €
19386-333	SERVIZO DE MENSAXERÍA E TRANSPORTE PARTIDA: 340-2230000 DOC. CONT.: ADM 7032	REPARTO Y GESTIÓN URGENTE, SL (B36821494)	16/01/20	31/12/20	1.000 €
19395-333	SUBMINISTRO DE PRENSA ATLÁNTICO DIARIO PARTIDA: 3420-2200100 DOC. CONT.: 7023	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN, SA (A36643674)	16/01/20	31/12/20	627,80 €
19405-333	SERVIZO ORGANIZACIÓN DA GALA RUN RUN VIGO-CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES PARTIDA: 3410-2260901 DOC. CONT.: 6921	RP3 VIGO, SL (B36803468)	21/01/20	31/01/20	5.333,04 €
19433-333	SERVIZO RUNRUN VIGO 2020 - REDES SOCIAIS PARTIDA: 3410-2260100 DOC. CONT.: ADM 10283	SILVIA PEREZ BUGALLO (44088318D)	30/01/20	30/12/20	10.628,64 €
3503-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DO MARCADOR ELECTRÓNICO SITUADO NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT.: ADM 13261	STEREO, SLU (B36603793)	18/02/20	30/03/20	151,25 €

3473-611	Servizo de poliza de seguro colectivo de accidentes para o programa municipal de escolas deportivas cobertura do 1 de febreiro de 2020 ó 7 de xuño de 2020 PARTIDA: 3420-2260901 DOC. CONT.: ADM 8205	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA (V48083521)	01/02/20	07/06/20	9.000,00 €
3530-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE PARTIDA: 3420-2200200 DOC. CONT.: ADM 23604	T-INNOVA INGENIERIA APLICADA, SA (A64728918)	06/04/20	15/04/20	1.050,89 €
19416-333	SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DAS BASES DE DATOS DOS PROGRAMAS DE XESTIÓN DEPORTIVA "RESERWIN" E "TORWIN" PARTIDA: 3420-22799047 DOC. CONT.: 8681	T-SYSTEMS ITC IBERIA, SA (A81608077)	28/01/20	30/04/20	14.193,30 €
3479-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE PORTERÍAS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BOUZAS E REPARACIÓN DO CÍRCULO DE LANZAMENTO DE MARTELO NAS PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO PARTIDA: 3420-2100001 DOC. CONT.: ADM 102582	VILANOVA, RODRÍGUEZ Y CASTRO, SL (B36529766)	31/01/20	28/02/20	2.238,50 €
3504-611	SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DA CAPA SUPERFICIAL DA ZONA EXTERIOR DO CÍRCULO DE LANZAMENTO DE MARTELO NAS PISTAS DE ATLETISMO PARTIDA: 3420-2100001 DOC. CONT.: ADM 13262	VILANOVA, RODRÍGUEZ Y CASTRO, SL (B36529766)	18/02/20	30/03/20	3.884,10 €



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(406).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE VIGO E COMARCA (FOANPA), PARA O ANO 2020. EXPTE. 24197/332.

Visto o informe de fiscalización do 14/04/2020, dáse conta do informe-proposta do 2/06/2020 asinado polo xefe do Servizo de Educación, a xefa do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas(LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación para o ano 2020

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPA para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeiro orde nun intre no que motivado pola crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sana e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

2 .- Procedemento de concesión directa: Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subven-

cións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de 606.039,31 euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.00.01 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos arts. 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia ven motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as Anpas legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPA sendo esta última a única federación de Anpas públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónfe á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2020, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.



Concello de Vigo

3.- Competencia: A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e Art. 80.1 e Art. 80.2 n) e ñ) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servicios públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 27/2013 do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) (BOE nº 312 do 30/12/2013), dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiación autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da suscripción dun convenio de colaboración coa FOANPA, que é a federación das ANPAS imprantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración

se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPA están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrépanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2020.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Foanpa, supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrumpido en exercizos anteriores dende hai máis de dezaseis anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W420787-6480 en data 27/02/2020 e co nº de doc. 200032534** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado á favor da Foanpa con carácter previo á xustificación, que ven motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxuvar na financiación dos gastos de funcionamento e xestión da Foanpa, contribuir á financiación das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das Anpas de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2020. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e froitíferos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa Foanpa. Esta última ven actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das Anpas dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal no Instituto Municipal de Educación (IME) que lle permite á Foanpa un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademáis da obrigada presentación por parte da Foanpa dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a Foanpa, o servizo municipal de educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan: Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidentencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxi-



Concello de Vigo

ma representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Educación e Xuventude.

Pola outra parte, asinará o convenio don Don Miguel Álvarez Parada, como presidente da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA).

5.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

6.-Transparencia: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia.

7.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de educación e xuventude e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPA) para o ano 2020**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuir ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2020.

2º.- Autorizar o gasto de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPA (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.00.01 (Convenio FOANPA)** que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2020.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Educación e Xuventude, D. Gorka Gómez Díaz para asinar o citado convenio para o caso de ser necesario substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

"PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2020"

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, Don Miguel Álvarez Parada, como presidente da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 24197-332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAS federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPA é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos



Concello de Vigo

educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos.

Polo tanto, a LOE e a LOMCE recollen esta necesidade e recomendación, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por elo a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAS) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xorder no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como representante, neste intre, das ANPAS dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAS nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2020, na súa partida 3260.489.00.01 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31.-€**, a favor da Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPA e contribuir á financiación das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPA e á prestación do servizo de comedores das ANPA de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2020.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentas con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 24197-332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), o Concello de Vigo e a FOANPA conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que éste ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1 .- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.
- 2 .- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.
- 3 .- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAS de ensino infantil e primario federadas na FOANPA.
- 4 .- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.
- 5 .- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.
- 6 .- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.
- 7 .- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.
- 8 .- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA), unha subvención por importe de **606.039,31-€ (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE CON TRINTA E UN EUROS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:

•**PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00.-€** coa asinatura do convenio e antes do 30 de xuño.

•**SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65.-€** e antes do 30 de setembro.

•**TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66.-€**, á presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.



Concello de Vigo

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPA) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na pranta baixa do Instituto Municipal de Educación (IME), rúa camiño do Chouzo núm. 2, que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPA deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- A FOANPA xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo. Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A Foanpa e Anpas asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta á normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades, son de plena responsabilidade da Foanpa, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a Foanpa deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abono á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercizo económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.903.822,00- euros (95.000,00.-€ dos gastos anuais de xestión da Foanpa, 1.051.070,00-€ dos gastos das actividades extraescolares e talleres matinais e 1.757.052,00.-€ dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sexto.- *En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPA) está obrigada a relacionarse electrónicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.*

Sétimo.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- *No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse íntegramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

Asimesmo, a FOANPA, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndo-se a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Noveno.- Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPA deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

Décimo primeiro.- O convenio non atribúe á FOANPA a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAS integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAS que a integran. Polo tanto FOANPA distribuirá a subvención entre as distintas ANPAS que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAS ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo segundo.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguemento que realizará o control e seguemento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPA, a Xefa do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida polo Concelleiro de Educación.

En calquera caso, as ANPAS beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPA, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2020, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e taller matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguemento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderán ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por elo, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPA, o servizo municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo cuarto.- A FOANPA deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPA no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Décimo sétimo.- *Os datos persoais do representante da FOANPA, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPA), para o ano 2020”.*

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017 de 8 de novembro, Lei de Contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(407).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE CUARTA DAS BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2020)- ALUMNADO 3.º DE ESO. EXPTE. 24174/332.

Dáse conta da proposta de data 03/06/2020, da Comisión de Valoración da convocatoria específica para a adxudicación de prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (Vigo en Inglés 2020) do alumnado de 3º de ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos, asinada polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do Servizo e o polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 6 de marzo de 2020, aprobou as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2020), de acordo co texto que se achega no expediente.

2. De conformidade co recollido na Base décima reguladora da antedita convocatoria "Comisión de Valoración", a mesma está facultada para resolver calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases desta convocatoria, polo que reuniuse en data 01-06-2020 a citada Comisión de Valoración, integrada polo Concelleiro de Educación e Xuventude, Gorka Gómez Díaz, que actúa en calidade de presidente, a Xefa do Servizo de Educación, M^a José Loureiro Bada e o Técnico do Servizo de Educación, Pedro M^a Vázquez Iglesias, que actúa como secretario.

3.- De conformidade co recollido na Base cuarta reguladora da antedita convocatoria "Publicidade e Prazo": *"O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).*

A publicidade da presente convocatoria, realizarase tamén a través das páxinas web <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>, e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada nas páxinas web específicas do programa <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles> e no taboleiro municipal. "

4.- A declaración do estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, por R.D. 463/2020, de 14 de marzo, produce segundo á disposición adicional terceira a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. En consecuencia, o día 16 de marzo quedou interrompido o prazo para a presentación de solicitudes para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2020.,

5.- De conformidade co disposto no punto Segundo da Resolución de Alcaldía de 15 de marzo de 2020 e demais normativa de aplicación, relativas ás medidas adoptadas para minimizar o risco de contaxio polo coronavirus Covid-19, quedaron interrompidos os prazos para a tramitación das solicitudes do programa municipal "Vigo en Inglés 2020", reanudándose no intre en que se levante o estado de alarma ou as posible prórrogas do mesmo.

6.-O Real Decreto 537/2020 de 22 de maio polo que se prorroga o estado de alarma ata o 7 de xuño, que foi declarado polo R.D. 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, dispón no artigo 9 que "con efectos dende o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que houberan sido suspendidos, reanudarase ou reiniciarase, si así se houbera previsto nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas". Así mesmo, a disposición derogatoria única, apartado 2, do citado R.D. 537/2020 deroga a disposición adicional terceira do R.D. 463/2020, de 14 de marzo con efectos de 1 de xuño.

7.- Tendo en conta as medidas de contención que é necesario manter nas oficinas municipais motivado pola excepcionalidade da crise sanitaria provocada polo Covid-19, e coa finalidade de evitar acumulación de persoas, para que o acceso ao rexistro se realice dun xeito ordenado a fin de garantir a distancia social, aquelas persoas que queiran realizar a presentación da súa solicitude de forma presencial deberán solicitar cita previa. Tendo en conta a experiencia de edicións anteriores deste programa municipal nas que eran moitos os cidadáns que acudían ao rexistro para presentar a súa solicitude, o prazo inicialmente previsto na referida base cuarta non é suficiente para atender a todas as persoas que queiran acudir presencialmente ao Rexistro Xeral do Concello a rexistrar a súa solicitude, dado que o número de citas que poden asignarse diariamente non cubre as necesidades.

Para que este proceso de presentación de solicitudes se desenvolva dun xeito tranquilo e ordenado estímase conveniente **modificar a base cuarta das Bases específicas para o desenvolvemento da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa d inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2020,dirixidas ao alumnado de 3.º de ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos** que quedará redactado nos seguintes termos.:

"O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da modificación das bases aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).



Concello de Vigo

A modificación desta base publicarase nas páxinas webs <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>. e mediante anuncios na web municipal.

A resolución e a finalidade das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada nas páxinas web específicas do programa <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles> e no taboleiro municipal. “

En base ao exposto, a Comisión de valoración realiza a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Modificar a base cuarta das BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2020) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS que quedará redactada como segue:

“O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da modificación das bases aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

A modificación desta base publicarase nas páxinas webs <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles>. e mediante anuncios na web municipal.

A resolución e a finalidade das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada nas páxinas web específicas do programa <http://www.vigoeningles.org/convocatoria> e/ou <http://www.escolasvigo.org/vigoeningles> e no taboleiro municipal. “

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(408).- RENUNCIA DA AXUDA Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019. EXPTE. 17061/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 24/01/2020, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2019.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 22.11.2019, acordou, entre outras, conceder a axuda seguinte:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Progra ma solicitação	Nº traball adores	Transfor mc. contrato	Incremento colectivo		Xorna da labora l	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
1	16461/77	P.A. Salgado Morales	*****098S	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00 €	50%	1.000,00 €

Con data do 22.11.2019 e rexistro de saída número 47804 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 25/11/2019 e número de documento 1901185558 a empresa P.A. Salgado Morales co NIF *****098S presenta "RENUNCIA EXPRESAMENTE a la ayuda concedida con número de referencia 16461/77" segundo consta no expediente 17061/77.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2019 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, expediente 16063/77, establece:

- na Base 5ª b) Renuncia: "*O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.*"

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que "*Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.*";



Concello de Vigo

–Artigo 94.1 “Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.”

–Artigo 94.3 “Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.”

–Artigo 94.4. “La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluido el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia”.

Xa que logo, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por P.A. Salgado Morales e declarar concluido o seu procedemento.

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18.06.2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluido o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2019 da empresa P.A. Salgado Morales co NIF *****098S por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 25/11/2019 co documento número 1901185558 (expediente 17061/77).

2º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

3º. Notificar o presente acordo á/s interesada/s no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(409).- RENUNCIA DA AXUDA Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019. EXPTE. 17059/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 24/01/2020, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2019.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 22.11.2019, acordou, entre outras, conceder a axuda seguinte:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornada laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
3	16476/77	N. Rodríguez Pousa	*****404C	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Con data do 22.11.2019 e rexistro de saída número 47821 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma, segundo consta no expediente 16476/77.

Con data do 04.12.2019 e documentos co número de rexistro 190192324 e 190192410 a empresa N. Rodríguez Pousa co NIF *****404C presenta, dentro do prazo establecido so efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada. Segundo o expediente 16963/77 de aceptación, xustificación e pago da axuda.

Con data do 10.12.2019 e documento co número de rexistro 19015000 a empresa N. Rodríguez Pousa co NIF *****404C presenta documento polo que comunica a *“RENUNCIA EXPRESA al cobro de la SUBVENCIÓN concedida a esta empresa, ..., por haber sido concedida otra por el mismo concepto por parte de la XUNTA DE GALICIA”*.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2019 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, expediente 16063/77, establece:

- na Base 5ª b) Renuncia: *“O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.”*

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que *“Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.”*;

–Artigo 94.1 *“Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.”*

–Artigo 94.3 *“Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.”*

–Artigo 94.4. *“La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia”*.

Xa que logo, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por N. Rodríguez Pousa e declarar concluso o seu procedemento.

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18.06.2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2019 da empresa N. Rodríguez Pousa co NIF *****404C, por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 10/12/2019 co documento número 19015000 (expediente 17059/77).

2º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

3º. Notificar o presente acordo á/s interesada/s no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei



Concello de Vigo

29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(410).- ACEPTACIÓN DO ESCRITO DA COOPERATIVA DE ARMADORES PESCA PUERTO VIGO SCL DE DESISTIMENTO DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO PARA OUTORGAR A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS VIXENTES ORZAMENTOS MUNICIPAIS. EXPTE. 17208/77.

Dáse conta do informe-proposta do 02/06/2020, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta partida nominativa **2410.4700002 "FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (Sea Fest)"**, por importe de **150.000,00 €**.

II. Mediante notificación con Rexistro de Saída nº 10094 do 09-03-2020 e, co obxecto de proceder á tramitación do convenio de subvención nominativa prevista nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, requiriuse á COOPERATIVA ARMADORES PESCA PUERTO VIGO SCL (F36608131), a achega da documentación necesaria para tramitar o procedemento.

III. Con data 16/03/2020, a COOP. ARMADORES PESCA PUERTO VIGO SCL (F36608131) achegou a documentación requirida para dar trámite ao convenio.

IV. Segundo a información publicada nos medios de comunicación, a celebración da cuarta edición do festival gastronómico VIGO SeaFest prevista para este verán, postponse para o vindeiro ano 2021 por mor da crise sanitaria derivada da propagación do coronavirus.

V. Polo exposto e, mediante notificación con Rexistro de saída nº 12012 do 13/03/2020, requiriuse documento acreditativo que reflectise a devandita decisión adoptada pola entidade, co obxecto de formular a correspondente proposta de acordo á Xunta de Goberno Local a fin de ter por desistida á COOP ARMADORES PESCA PUERTO VIGO SCL da tramitación do convenio de subvención nominativa por importe de 150.000 € para contribuir á organización da **"FEIRA VIGO INDUSTRIA PESQUEIRA (Sea Fest)"**, a fin de poder destinar os fondos consignados nos vixentes orzamentos para outros fins de interese público

VI. Con data 25/05/2020, a través do documento núm. 200066192, achégase escrito do presidente da entidade COOP ARMADORES PESCA PUERTO VIGO SCL, no que comunica o cambio de datas para a celebración da 4ª edición da feira e a súa posposición ao ano 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, podendo facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

A administración aceptará de plano o desistimiento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, coas salvidades previstas nos apartados 4 e 5, podendo limitar os efectos do desistimiento ou a renuncia ao interesado e seguir co procedemento.

II. De acordo co establecido nos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

De conformidade co anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar o escrito achegado en data 25/05/2020 (Núm. Documento 200066192), pola COOPERATIVA DE ARMADORES PESCA PUERTO VIGO SCL (F36608131), manifestando que desisten da tramitación do convenio para outorgar a subvención nominativa prevista nos vixentes orzamentos municipais, por ter decidido o seu Consello Reitor, pospoñer a celebración da cuarta edición do "Festival ARVI do Peixe, Vigo SeaFest", como consecuencia da situación xerada polo COVID-19, motivo polo cal non poden asinar o convenio.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á entidade interesada, á Intervención Xeral Municipal e á Dirección Xeral Orzamentaria, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(411).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NOS MESES DE MARZO E ABRIL DO ANO 2020. EXPTE. 9988/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, nos meses de marzo e abril do ano 2020.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9903-224	CMSE	Reportaxe gráfica das actividades realizadas durante o mes de marzo con motivo da "Commemoración do 8 de marzo"	M ^a Luisa González Fontaiña	23112260601	3/03/2020	1.815,00 €
9900-224	CMSE	Pago de tres comensais no acto de entrega do "Premio de Igualdade Ernestina Otero"	Coia Hotel Tur, SA	23112260601	9/03/2020	90,00 €
9920-224	CMSE	Aloxamento temporal das vítimas de violencia de xénero e que se atopen en situación de emerxencia mentres dure a situación de excepcionalidade pola expansión da epidemia do COVID-19	Riba y Domínguez SA,	23112260603	17/03/2020	16.498,00 €
9939-224	CMSE	Inserción de cuñas publicitarias contra a violencia de xénero durante o estado de alarma xerado polo covid 19.	Radio Popular SA	23112260603	13/04/2020	3.999,99 €
9853-224	CMSE	Inserción de cuñas publicitarias contra a violencia de xénero durante o estado de alarma xerado polo covid 19.	Radio Vigo S A U	23112260603	13/04/2020	7.102,70 €
9944-224	CMSE	Inserción de cuñas publicitarias contra a violencia de xénero durante o estado de alarma xerado polo covid 19.	Uniprex S A U	23112260603	13/04/2020	4.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(412).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E LABORATORIO DENDE O 1 DE XANEIRO AO 30 DE ABRIL DE 2020. EXPTE. 14743/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31.^a das Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e o acordo de delegación de competencias nos concelleiros de área da Xunta de Goberno Local 18 e 26 de xuño de 2019, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Laboratorio autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable do 1 de xaneiro ao 30 de abril de 2020.

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
14677/306	SERVIZOS	Reparación tellado caseta Vao	Bernardo Quintas Gregores	3.563,45
14692/306	SUBMINIST.	Subministración de ferro galvanizado	Hierros Lago, SL	3.994,63
14647/306	SUBMINIST.	Subministro de abonos, plantas e Materiais para hortas urbanas	Distribuciones Amios, SL	2.066,50
14693/306	SUBMINIST.	Subministro de tres arnés de 4 puntos para sillas joelette	Beach Trotters, SL	186,75
14673/306	SUBMINIST.	Subministro de material publicitario Para Campaña Camiño a Camiño	Des. Gráfico Publicitario, SL	3.303,30
14621/306	SERVIZOS	Xestión de residuos	Toca Salgado, SL	13.000,00
14720/306	SERVIZOS	Traballos técnicos de redacción dunha Ordenanza municipal para o uso e gozo Dos areas do municipio	Novocontorno, SL	2.849,55
14724/306	SERVIZOS	Retirada de niños e ovos de gai-votas e pombas asicomo o rescate de adultos e polos feridos ou caidos	Agronerga, SL	18.143,95



Concello de Vigo

14660/306	SERVIZOS	Organización e execución da acción educativa de divulgación "os camiños Naturais de Vigo"	Xermolo Dinamización Sociocultural, SL	15.669,50
14634/306	SERVIZOS	Organización e execución de accións De voluntariado medioambiental e outras actividades	Xoma Iniciativas Sociais, SL	18.089,50

EXPTE.	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
14676/306	SERVIZOS	Transporte terrestre percorridos medioambientais do programa Camiño a Camiño	Autna, SL	8.756,00
14622/306	SERVIZOS	Recollida, xestión e tratamento de Animais mortos	Gestora de Subproductos de Galicia, SL	1.000,00
14623/306	SERVIZOS	Custodia e alimentación animais	Benito Conrado Pérez Martínez	3.000,00
14624/306	SERVIZOS	Atención veterinaria de urxencia de Animais atopados feridos na vía	Centro veterinario de Urgencias De Vigo, SL	1.800,00
14633/306	SERVIZOS	Dinamización e organización das hortas escola urbanas de Navia, Pedro Albarado, Fontáns, Sardome-la, Ramón Nieto e Camelias	Cerquiño S. Coop. Galega	18.101,60
14650/306	SUBMINIST.	Subministro de material para reparación De areas	Garciventa, SL	5.081,61
14735/306	SERVIZOS	Reparación das torretas de socorrismo E dúas casetas de baño para as praias	Bernardo Quintas Gregores	4.356,00
14717/306	SERVIZOS	Redación proxectos básicos e de execución soterramento tendido electricos no interior parcelas municipais dominio público para servizo de temporada praias	Fernando Vázquez González	3.569,50
14722/306	SERVIZOS	Instalación, mantemento e retirada Megafonía nas praias	DMR Comunicaciones, SL	3.600,96
14723/306	SUBMINIST.	Ampliación sistema de alimentación caseta De socorrismo Illas Cíes	DMR Comunicaciones, SL	4.661,76
17275/310	SERVIZOS	Impartir actividades terapéuticas asistidas Por cadelas en distintas asociacións de Atención a persoas con discapacidade	Ramalladas, SL	16.949,50

17992/310	SERVIZOS	Cursos formativos de intervención contra a morte súbita e en socorrimo e primeiros auxilios destinadas á poboación viguesa, especialmente xoven	Carlos Vales Porto	15.932,00
17440/310	SERVIZOS	Actividade de fomento de hábitos de vida saudables a persoas con mobilidade reducida, discapacidade, dentro do plan saúde	Ecoplanin Xestión e Información Ambiental, S.L.	1.525,57
17338/310	SERVIZOS	limpeza de fincas insalubres, xestión da biomasa , en execución forzosa de forma subsidiaria pola administración municipal.	Alnur Medioambiente, SL	18.137,90
5051/313	SERVIZOS	Reparación equipo purificación auga	Merck Life Science, SL	1.193,06
5048/313	SUBMINIST.	Subministro pequenos reactivos para a area de Físico Química	Drogallega, SL	3.500,00
5047/313	SUBMINIST.	Productos farmacéuticos da area de fisico-química para os servizos analíticos	Rafael Gaztelu Begoña	1.277,76
5045/313	SUBMINIST.	Productos farmacéuticos e reactivos	Idexx Laboratorios, SL	5.000,00
5057/313	SUBMINIST.	Medios de cultivo deshidratados, medios de Cultivo preparados en placa, reactivos e suplementos	Cientisol, SL	700,00
5050/313	SUBMINIST.	Productos Farmaceuticos e Reactivos.	VWR International Eurolab, S.L.	4.188,66
5044/313	SUBMINIST.	Productos Farmaceuticos e Reactivos.	BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.	4.367,50
5062/313	SUBMINIST.	Subministro material para realización de análises de auga en Microbioloxía	MERCK CHEMICALS & LIFE SCIENCE, SAU	2.000,00
5061/313	SUBMINIST.	Subministro de gases acetileno e argón	AI Air Liquide España, S.A.	1.230,00
5058/313	SUBMINIST.	Subministro de bobinas de papel de manos	Irago,s.a.	744,88
5063/313	SUBMINIST.	Subministro puntas pipetas, cinta autoclave, filtros , placas petri, bolsa esterilización..	CIENTISOL	1.500,00
5039/313	SERVIZOS	Auditoria de seguimento da certificación ISO 9001:2015	LGAI TECHNOLOGICAL CENTER, SA	907,50
5074/313	SUBMINIST.	Raticidas, Insecticidas e Desinfectantes	GMB Internacional, SA	3.292,92
5079/313	SUBMINIST.	Raticidas, Insecticidas e Desinfectantes	Killgerm, SA	1.553,63
5078/313	SUBMINIST.	Raticidas, Insecticidas e Desinfectantes	Mylva, SA	453,75



Concello de Vigo

5042/313	SERVIZOS	Informes servizo de tres roldas demostración calidade das análises físico químicas das augas potables	IELAB CALIDAD, SL	1.109,78
5043/313	SERVIZOS	Infomes calidade das análises microbiolóxicas das augas potables a través de catro roldas intercomparativas mostradas microbiolóxicas	THERMO FISHER DIAGNOSTICS, SLU	1.796,85
5041/313	SERVIZOS	Informes analíticos	CENTRO ANALITICOS MIGUEZ Y MUIÑOS, S.L.	3.000,00
5052/313	SERVIZOS	Calibración e revisión preventiva de espectrofotómetro de absorción atómica	PerkinElmer España, S.L.	8.194,65
5038/313	SERVIZOS	Servizos de soporte técnico e actualización software oralims 2000isa e ECONTENTBIAL	LABS_DIVISION, S.L.	2.868,91

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(413).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2020. EXPTE. 13959/446.

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, de data 15/04/2020, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”
formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
12839/446	CMSER	Reparación de maquinaria	Almijocar, SCG	1710.2130000	28/01/2020	15.000,00 €

12875/446	CMSER	Xestión e organización do 56º Concurso Exposición Internacional da Camelia	Axeito, Organización e Montaxe de Eventos, SLU	1710.2279903	18/02/2020	17.545,00 €
12873/446	CMSUB	Adquisición trofeos para o 56º Concurso Exposición Internacional da Camelia	Eloy Hernández, Joyería Ramón Fernández, SA. Veraleza, SLU	1710.2279903	18/02/2020	10.009,08 €
12874/446	CMSER	Montaxe e ornamentación para o 56º Concurso Exposición Internacional da Camelia	Grupo Norte MCA, SL	1710.2279903	15/02/2020	17.242,50 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(414).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO E SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 386/242.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 29/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 28/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio do 2018, adxudicou á mercantil ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. o procedemento aberto para a contratación da póliza de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, consonte co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado pola Xunta de Goberno local o 1 de marzo do 2018 e a oferta presentada.

Dito contrato formalizouse en documento administrativo en data 2 de xullo do 2018, sinalando que o prazo do contrato será de dous anos, contado a partir do día 2 de xullo de 2018. Estando contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha.

SEGUNDO.- Centrado o obxecto do presente informe na viabilidade da prórroga do prazo polo que foi outorgado o contrato cabe sinalar, que o prego de cláusulas administrativas polo que se rixe, establece na súa Clausula 6. Prazo de execución, que “ O presente contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas por período dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.”



Concello de Vigo

TERCEIRO.- O prego de condicións, como documento administrativo que fixa os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato, é “lex contratus” entre éstas, a que quedan vencelladas para o seu cumprimento nos propios termos.

A teor do establecido no devandito prego e no contrato asinado, este na actualidade atopase aínda vixente é próximo ao seu vencemento polo transcurso do prazo concertado, se ben, tal e como quedou dito anteriormente, prevese a posibilidade da súa prórroga por dúas anualidades mais, debendo mediar acordo expreso desta administración.

A ditos efectos solicitouse informe da oficina de responsabilidade patrimonial sobre a conformidade na prestación da cobertura pola aseguradora en relación aos expedientes de responsabilidade patrimonial tramitados durante o prazo contractual, sinalandose por esta o pasado día 14 de maio que *a prestación da cobertura pola aseguradora ALLIANZ, Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., tramitados durante o prazo contractual, que comezou o día 2 de xullo de 2018, o que subscribe non ten observado incidencia salientable algunha respecto ao cumprimento das obrigas asumidas na póliza en canto ao que afecta ao pagamento das cantidades derivadas dos expedientes de responsabilidade patrimonial desta Administración.*

Conseguentemente, resulta viable xuridicamente a prórroga do contrato que comprenderá dende o 2/07/2020 ata o 1/07/2021 e polo prezo de 185.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria “Seguros de Responsabilidad Civil” (partida 9200.2240000), ó non terse formulada oposición algunha a dita prorrogas pola aseguradora no prazo contractual referido e, por outra banda, estimarse que a prestación do contrato vense realizando satisfactoriamente por parte da aseguradora, requirindo a súa concesión, acordo expreso do órgano de contratación.

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de prórroga do contrato, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, de 8 de novembro) en materia de contratación das Entidades Locais.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Autorizar a prórroga do contrato de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, concertado coa sociedade ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. (NIF. A28007748), polo periodo comprendido entre o 2/07/2020 e o 1/07/2021, de conformidade e nos termos previstos na cláusula 6 do Prego de Cláusulas Administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local ó 1.03.2018, e sendo o prezo da prórroga do contrato de 185.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria “Seguros de Responsabilidad Civil” (partida 9200.2240000).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(415).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020. EXPTE. 9824/307.

Dase conta do informe-proposta de data 16/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o primeiro trimestre de 2020**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa económicamente ou á única que se presentou. Se inclúen no listado os contratos menores tramitados para o desenvolvemento do VI PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS E OUTROS ESPAZOS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA que abrangue os contratos menores privados de servizos para a contratación dos artistas participantes no Programa:

Expte. (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
9707	Divulgación dos xacementos de O Castro e Toralla (para os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2020)	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. B36917201	12.424,28
9708	Subministración do diario FARO DE VIGO á 1ª Tenencia de Alcaldía-Concellería de Patrimonio Histórico durante o ano 2020 (xaneiro-décembro)	FARO DE VIGO A36600815	380
9709	Reparación e mantemento do sistema de climatización do equipamento municipal do Centro de Interpretación do Mundo Romano durante o ano 2020 (xaneiro-décembro)	ODEFRI SL B36630895	730,28
9710	Redacción proxecto base para a contratación do desenvolvemento do VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	IGNACIO HORTAS LÓPEZ	3025,00
9711	Mantemento extintores equipamentos xestionados polo servizo de Patrimonio Histórico durante o ano 2020 (xaneiro-décembro)	SEGURIDAD MAR B36632552	309,76
9714	Recollida, traslado a vertedeiro autorizado e tratamento dos restos vexetais do xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León-Castrelos durante o ano 2020 (xaneiro-décembro)	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. B36746584	7696,92
9718	Subministración de material funxible para reposición de pequenas ferramentas e maquinaria durante o ano 2020 (de xaneiro a decembro)	GARCIVENTA B-36797470	4.384,48
9725	Reparación e mantemento do ascensor do Centro de Interpretación do Mundo Romano do xacemento Villa romana de Toralla durante o ano 2020 (febreiro-décembro)	ENOR S.A. A-36650992	4.043,82



Concello de Vigo

9735	Limpeza de pintadas e grafitis sobre elementos e espazos de interese patrimonial durante o ano 2020	CLINARTE SLU B36346872	5225,00
9741	Reparación de maquinaria durante o ano 2020	FOREST GARDEN	2.677,84
9769	Subministración do diario EL PAÍS á 1ª Tenencia de Alcaldía-Concellería de Patrimonio Histórico dende marzo ata decembro do ano 2020	DISTRIBUIDORA DE PUBLICACIONES BOREAL S.L. (B79232096)	573,20
9739	Publicidade e difusión do VI PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS a través da cobertura audiovisual, desenvolvemento na web do Programa e a xestión dos contidos do mesmo	SAMNH JOEM HARDIE NÚÑEZ	14.520
9747	Participación do artista Darío Álvarez Basso no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		8000
9750	Participación da artista Doa Ocampo no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		7000
9751	Participación do artista Enrique Besada no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		2000
9752	Participación da artista Laura Mujico no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		2000
9761	Participación da artista Lula Goce no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		7000
9762	Participación do artista Sabek no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		7000
9763	Participación da artista Tamara Baz no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		5000
9764	Participación da artista Xena no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		6000
9772	Participación da artista Lorena Arévalo no VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública		2250

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

17(416).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020 (XANEIRO, FEBREIRO E MARZO). EXPTE. 69526/212.

Dáse conta da proposta de data 27/04/2020, asinado polo intendente xefe da Policía Local e a concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativo aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao primeiro trimestre do ano 2020 (xaneiro, febreiro e marzo), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020 (XANEIRO, FEBREIRO E MARZO):

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adjudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
67867/212	13202080001	SER	Aluguer cabalos cabalgata Reis	Benito Conrado Pérez Martínez	02/01/20	02/01/20	05/01/20	3581,60
67916/212	13202240000	SER	Seguro RC PIT Castro	Mapfre Vida SA	08/01/20	08/01/20	31/12/20	2410,63
67992/212	13202279900	SER	Mantemento integral etilómetros, drugtest	Drager Safety Hispania SA	15/01/20	14/01/20	31/12/20	6485,62
68094/212	13202219900	SUB	Munición	Armas y Cartuchos del Sur SL	20/01/20	20/01/20	31/12/20	11250,58
68097/212	13202219900	SUB	Elementos complementarios emisoras	Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto Puga	20/01/20	20/01/20	31/12/20	8205,13
68152/212	13202219900	SUB	Vidrios cabinas cinemómetros	Tradeseegur SA	24/01/20	23/01/20	31/12/20	1754,50
68154/212	13202219900	SUB	Cargadores, fundas cargadores e antifurto	Uniformidad y Suministros de Protección SL	24/01/20	23/01/20	31/12/20	9196,00
68169/212	13202210400	SUB	Cinturóns policiaais	Uniformidad y Suministros de Protección SL	24/01/20	23/01/20	31/12/20	7865,00
68285/212	13202279903	SER	Verificación equipos medición ante o LOMG	Gestoria Rodal SL	04/02/20	04/02/20	31/12/20	10000,00
68415/212	13202219900	SUB	Luvas detección metais	Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto Puga	19/02/20	18/02/20	31/12/20	1548,80
68864/212	13202219900	SUB	Kits indiciarios drogas em saliva	Drager Safety Hispania SA	02/03/20	02/03/20	31/12/20	8649,83
68984/212	13202210400	SUB	Botas e calcetíns Costa e Praia	Sagres sl Partenon	04/03/20	04/03/20	31/12/20	392,89
68895/212	13202140000	SUB	Luces e cabaletes	Redondbike SL	02/03/20	02/03/20	31/12/20	780,04



Concello de Vigo

			traseiros bicicletas Costa e Praia					
69001/212	13202140000	SER	Rotulación vehículo 0546DZL	Rodosa SL	09/03/20	04/03/20	31/12/20	1089,00
69007/212	13206230000	SUB	Deshumificador	Comercial Integral Especialista Suministros SL	09/03/20	09/03/20	31/12/20	209,00
69081/212	13202210400	SUB	Vestuario (EPI) Costa e Praia Illas Cíes	Redondbike SL	16/03/20	13/03/20	31/12/20	689,45
69361/212	13202279903	SER	Mantemento básico DESA	Anek S3 SL	31/03/20	27/03/20	31/12/20	1878,16

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(417).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE 17 VEHÍCULOS POLICIAIS. EXPTE. 43577/212.

Visto o informe xurídico do 21/05/2020, e o informe de fiscalización do 22/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/2020, asinado polo intendente xefe da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria e urxente de 22 de xullo de 2016, acordou a adxudicación a BANCO SANTANDER, S.A., do procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos policiais (expte. 43577/212), por un prezo total de 989.416,80 € (IVE 21% engadido), por un periodo de catro anos, todo elo dacordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado tamén pola XGL, e a oferta presentada. A formalización do contrato en documento administrativo tivo lugar o 31 de agosto de 2016.

II. Os vehículos recibíronse de xeito escalonado nas seguintes entregas:

- 15/11/2016, 8 vehículos da clase I (vehículos sen kit de detidos).
- 02/12/2016, 4 vehículos da clase II (vehículos con kit de detidos).
- 30/11/2016, 2 vehículos da clase V (vehículos todo terreo).
- 03/03/2017, 2 vehículos da clase IV (furgóns seguridade cidadá).
- 30/03/2017, 1 vehículo da clase III (furgón atestados).

III. No apartado 4 das Follas de Especificacións do Contrato (FEC), estíplase a duración do contrato en 4 anos contados a partires da entrega dos vehículos. Se non se entregasen todos os vehículos simultaneamente, o cómputo do prazo contarase a partires da primeira entrega.

Tamén, contéplase a posibilidade dunha prórroga de 9 meses, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

IV. O Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo declara o estado de alarma en todo o territorio nacional para facer fronte á crise sanitaria tipificada como pandemia pola Organización Mundial da Saúde o 11 de marzo anterior.

Prorrogada a súa vixencia ata cando menos as 00:00 horas do 24 de maio, a excepcional natureza de perturbación integral na actividade económica que leva implícita obriga a activar a prórroga prevista no contrato.

En efecto, segundo estimacións do Fondo Monetario Internacional a caída da actividade económica global para 2020 será dun 3 por cento; dun 7,5 por cento para a zona euro, e dun 8 por cento para España. O propio Goberno de España no seu programa de estabilidade (programa de déficit excesivo) elaborado no pasado mes de abril contempla unha caída da actividade económica en 2020 do 9,2 por cento, e unha recuperación de ata o 6,8 por cento en 2021.

Trátase de proxeccións que levan inevitablemente implícitas suposicións de base sobre a evolución da pandemia e a capacidade de contención dos estabilizadores automáticos da economía postos en marcha oportunamente.

En todo caso, son suficientemente demostrativos dunha fractura global e simultánea do lado da oferta (interrupción de actividades económicas e da cadea de valor e suministros) e da demanda (contracción do consumo) do mercado con vistas á nova licitación prevista ordinarariamente para este ano.

IV. Os vehículos atópanse en bo estado mecánico e estético, e o servizo de mantemento dos mesmos é adecuado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O réxime xurídico aplicable ao contrato ven constituído polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido a Lei de Contratos do Sector Público e polo RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, de conformidade coa Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cuxo tenor literal di:

.../...

“2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se registrarán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior”.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- O artigo 23 do RDL 3/2011 (LCSP), no seu apartado 2 establece:

“2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el periodo de duración de éstas y que la concurrencia para su adjudicación haya sido realizada teniendo en cuenta la duración máxima del contrato, incluidos los periodos de prórroga.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, salvo que el contrato expresamente prevea lo contrario, sin que pueda producirse por el consentimiento tácito de las partes”.

No apartado 4 das Follas de Especificacións do Contrato (FEC), estipúlase a duración do contrato en 4 anos contados a partires da entrega dos vehículos. Se non se entregasen todos os vehículos simultaneamente, o cómputo do prazo contarase a partires da primeira entrega, contemplándose a posibilidade dunha prórroga de 9 meses, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e que o contratista non se oponha á mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

Así pois, tendo en conta canto antecede e, especialmente, a data de inicio da execución do contrato (15/11/2016), a prórroga do contrato comezará o 15 de novembro de 2020 e rematará o 14 de agosto de 2021.

TERCEIRO.- Consultado o contratista por correo electrónico de 07 de maio, o propio día o contratista manifesta a súa conformidade na aprobación da prórroga.

CUARTO.- De conformidade coas previsións do art. 89 do RDL 3/2011 (LCSP) da Lei 30/2007 e o apartado 3 das FEC non procede revisión de prezos.

A prórroga do contrato acada un custo total de 185.515,65 €, có 21% do IVE engadido de 31.430,61 €, co seguinte desglose:

Tipo Vehículo	N.º Vehículos	Total prezo veh./mes (base sen IVE)	Total prezo veh./mes con IVE	PREZO/MES por clase con IVE	PREZO TOTAL PRÓRROGA (€)
CLASE I	8	875,57	1.053,66	8.429,28	75.863,52
CLASE II	4	989,02	1.190,95	4.763,80	42.874,20
CLASE III	1	1.511,94	1.822,07	1.822,07	16.398,63
CLASE IV	2	1.160,66	1.397,02	2.794,04	25.146,36
CLASE V	2	1.163,31	1.401,83	2.803,66	25.232,94
	17				185.515,65

Tendo en conta que o prazo de execución do contrato finaliza o 14/11/2020, sería imputable ao exercizo orzamentario do ano 2020 a cantidade de 30.919,28 € có IVE engadido en concepto de prórroga (do 15 de novembro ata o 31 de decembro).

Con cargo ao exercizo orzamentario do ano 2021 imputaríanse 154.596,37 € có IVE engadido (desde xaneiro ata o 14 de agosto).

Na aplicación orzamentaria 1320.2040000 (vehículos da Policía Local) existe crédito adecuado e suficiente para dar cobertura ao gasto de 30.919,28 € correspondente ao ano 2020 (21% IVE engadido).

QUINTO.- A competencia para prorrogar o contrato de renting reside na Xunta de Goberno Local, dacordo coas previsións da disposición adicional 2ª do RDL 3/2011.

En mérito de canto antecede, previo informe da Intervención Xeral, o funcionario que suscribe coa conformidade do Xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, ven en propoñer á Concelleira delegada de Empresa, Economía, Seguridade, Mobilidade e Organización Municipal, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Aprobar a prórroga de nove meses do contrato de subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos policiais (expte. 43577/212), adxudicado na sesión ordinaria e urxente de 22 de xullo de 2016, a Banco Santander, S.A.

En consecuencia a prórroga do contrato comezará o 15 de novembro de 2020 e rematará o 14 de agosto de 2021.

2º.- Aprobar e dispoñer o gasto total de 185.515,65 €, con IVE engadido de 31.430,61 €, a favor da comercial Banco Santander, S.A., a razón de 30.919,28 € (21% IVE engadido) para exercizo orzamentario do ano 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica, onde hai crédito adecuado e suficiente, e 154.596,37 € (21% IVE engadido) para o exercizo orzamentario do ano 2021 con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(418).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVO PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 34796/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/03/2020, dáse conta do informe-proposta de data 2/03/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

1.- Con data 12/09/2019, o Concelleiro delegado da Área de Cultura; remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha técnico/a medio de arquivo para o Servizo de Bibliotecas, por mor da situación existente na Casa Galega da Cultura, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 11/11/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/unha Técnico/a de Xestión por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 16/10/2019, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

4.- En data 09/01/2020, incorpórase ao expediente nota de reparo da Intervención Xeral Municipal. Por Resolución da Concellaría de Organización municipal de 17/01/2020, aceptase o reparo, suspendendo a tramitación do procedemento administrativo e incoándose expediente de modificación de crédito para a suplementación da aplicación orzamentaria 9200.1400000 do estado de gastos dos Orzamentos Municipais.

5.- Por Resolución de 26/02/2020 da referida Concellaría, se alza a suspensión do procedemento, acordando remitir no prazo de 15 días, as actuacións ao órgano interventor logo da emisión de novo Informe Proposta.

6.- En data de sinatura electrónica, emítese novo informe de cuantificación económica de gasto que obra no expediente.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de***



Concello de Vigo

la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao posto ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 296, Técnico/a medio de Arquivo, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito 12/09/2019, do concelleiro delegado da área de cultura, así coma na instrución da concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de data 11/11/2019, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/unha Técnico/a Medio de Arquivo para o Servizo de Bibliotecas, supón un gasto de **19.949,41 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.346,50 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Segundo se indica no informe técnico : *"... O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión ordinaria do día 23 de decembro do 2019, BOP de 27 de decembro seguinte, aprobou definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2020. Neste contéplase un crédito inicial na aplicación orzamentaria 92001400000 por importe de 767.629,27€. Dita cantidade correspóndese co gasto comprometido ata a data para o ano 2020 con cargo a dita aplicación orzamentaria, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que se iniciaron no segundo semestre do pasado ano 2019 e que finalizan nos primeiros meses de 2020 e, os nomeamentos interinos por programas de acordo co artigo 10, apartado 1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.*



Concello de Vigo

Dita aplicación dotouse cunha contía inicial para dar cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, debendo ser realizadas as modificacións orzamentarias necesarias e posibles con cargo aos créditos non consumidos dos postos vacantes previo o inicio da tramitación de nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do TREBEP, a realizar no ano 2020.

Por instrucións de servizo da Concelleira-delegada de datas 17/01/2020 e, 05/02/2020 iniciouse a modificación orzamentaria 1/2020, expediente 35335/220, por importe de 1.494.394,16€, importe total dos créditos da totalidade das prazas vacantes existentes no período comprendido entre o 01 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2020, sendo utilizados para suplementalas partidas 920.0.1400000 (outras modalidades persoal temporal non permanente) e, 920.0.1600001 (seguridade social persoal temporal non permanente) do Capítulo I de Gastos, por un total de 1.137.348.47€ e, 357.045,69€, respectivamente. A referida modificación orzamentaria 1/2020, foi ordenada por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 11 de febreiro actual e resolta por Resolución do Alcalde-Presidente de data 26 de febreiro de 2020, modificación de crédito 15/20 da Intervención Xeral.

En informe técnico que figura anexado no expediente 35499/220, procedeuse ao axuste dos AFUTs respecto dos compromisos de gastos adquiridos durante o pasado ano e que repercuten no presente exercicio, resultando un total de 1.007.268,20€ en canto a retribucións e, 348.457,22€ respecto do custe de seguridade social, polo que unha vez efectuado o correspondente AC por importe de 1.025.668,92€, resulta un saldo real na partida de 548.319,13€ que posibilita acometer novos nomeamentos interinos dos previstos no artigo 10.1 do TREBEP.

Indicar tamén que o crédito xa comprometido a data de hoxe na citada aplicación para o ano 2021 e 2022 é de 171.095,24€ e 24.214,46€, respectivamente.

En consecuencia, unha vez informado o citado expediente 34796/220 obxecto de reparo pola Intervención Xeral e, resolto o mesmo en Resolución de 26/02/20, o saldo da partida 92001400000 é de 528.369,72€.

Deste xeito, tendo en conta que o gasto que xenera este expediente repercute unicamente no presente exercicio, están garantidas as previsións de execución e a correcta xestión do Capítulo I de Gastos do vixente orzamento xeral.”

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de técnico/a medio de arquivo, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Ramírez Abal, B. con DNI ***8624**** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

O mesmo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Técnico/a Medio de Arquivo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cultura, contidas no escrito do 20/09/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **19.949,41 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.346,50 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes de Seguridade Social, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Ramírez Abal, B. con DNI ***8624****, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (Posto cód. 296-Técnico Medio de Arquivo), sendo adscrito/a ó Servizo de Cultura, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao xefe do servizo de cultura, á Intervención Xeral, á Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(419).- NOMEAMENTO INTERINO DE PERSOAL PARA O SERVIZO DE LIMPEZA (PRAIAS), POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, (2ª FASE). EXPTE. 35783/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 27/05/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o xefe do Servizo de Limpeza coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Limpeza, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de 16 operarios peóns, 6 oficiais xardineiros e 4 oficiais condutores, para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas, tendo en conta o plan para a transición cara unha nova normalidade do Goberno de España do pasado 28 de abril de 2020, prevé a apertura das praias para o baño na fase III.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 15/05/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local, de nomeamento interino por acumulación do persoal solicitado, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de cinco meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV.- Dada a urxencia da incorporación do persoal solicitado, se incorporaron nunha primeira fase o persoal que tiña presentado a data de 21/05/2020 a documentación requirida para o

seu nomeamento: 8 operarios-peóns, 1 oficial-xardineiro e 1 oficial-condutor. Nesta segunda fase, incorporan 8 operarios-peóns, 5 oficiais xardineiros e 3 oficiais condutores.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una*



Concello de Vigo

vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Excepcionalidade da suspensión de prazos. DA 3º RD 463/2020.

Conforme ao disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, como regra xeral se suspenden a totalidade dos trámites e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

Con todo, a suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionalmente, tal e como recolle a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, na redacción dada ao seu apartado cuarto polo RD 465/2020, nos seguintes supostos:

- 2.1. Medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifieste a súa conformidade
- 2.2. Cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo
- 2.3. Continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,
- 2.4. Continuación daqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

No caso que nos ocupa, estamos ante a excepción contemplada no apartado catro anteriormente referenciado, sendo necesario para a protección do interese xeral, a necesidade de incorporar persoal interino asignado, a funcións no ámbito do Servizo de Limpeza, polo que procede a continuación do procedemento administrativo de nomeamento interino de 8 operarios-peóns, 5 oficiais xardineiros e 3 oficiais condutores(expte 35783-220)

III.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de cinco meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao ,que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.234-oficial xardineiro e posto cód.233-oficial condutor/a 158-operario/a peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de



Concello de Vigo

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do Xefe do Servizo de Limpeza, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente, considerando a necesidade de acometer os traballos urxentes de limpeza das praias, tendo en conta o plan para a transición cara unha nova normalidade do Goberno de España do pasado 28 de abril de 2020, prevé a apertura das praias para o baño na fase III. Así, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

V.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de cinco meses 5 oficiais-xardineiros, 3 oficiais-condutores e 8 operarios-peón, para o Servizo de Limpeza, supón un gasto de retribucións de **159.140,71 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **53.990,65 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **213.131,36 €**.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

VI. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Operario/a Peón por acumulación de tarefas a M^a S Cernadas Orge, con dni ***9166**, A Cortegoso Salgado, con dni ***6413**, T Alonso Vidal, con dni ***6403**, M^a Carmen Miguez Mendez, con dni ***2919**, L Barrio Martínez, con dni ***4408**, M Sousa Vázquez, con dni ***5491**, D Balseiro Rodríguez, con dni ***2974**, M^a M Costas Costas, con dni ***6273**; como Oficiais Xardineros por acumulación de tarefas a P Dapena Pintos, con dni ***6752**, T Quinteiro Domínguez, con dni ***7592**, J Fajardo Faríñas, con dni ***3040**, A Herrera Sousa, con dni ***6049**, A J Vázquez Cáceres, con dni ***7705**, con dni ***9873** e como Oficiais condutores por acumulación de tarefas a J B Iglesias Rodríguez, con dni ***6562**, R A Vázquez Rodríguez, con dni ***4731** e B Vázquez Martínez, con dni ***2535**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VII. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais



Concello de Vigo

efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de nomeamento interino de 8 operarios-peóns, 5 oficiais xardineiros e 3 oficiais condutores (expte 35783-220), ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a causa de interese xeral concretada na necesidade urxente de incorporación de persoal interino con urxencia asignada a funcións no Servizo de Limpeza.

SEGUNDO: Declarar a urxencia no nomeamento de 16 funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, 8 operarios-peóns, 5 oficial xardineiro e 3 oficial condutor, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de **cinco meses**, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Limpeza, contidas no escrito de data de sinatura electrónica, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **159.140,71 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **53.990,65 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **213.131,36 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

TERCEIRO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Operarios/as Peóns a *M^a S Cernadas Orge*, con dni ***9166**, *A Cortegoso Salgado*, con dni ***6413**, *T Alonso Vidal*, con dni ***6403**, *M^a Carmen Miguez Mendez*, con dni ***2919**, *L Barrio Martínez*, con dni ***4408**, *M Sousa Vázquez*, con dni ***5491**, *D Balseiro Rodríguez*, con dni ***2974**, *M^a M Costas Costas*, con dni ***6273**; como Oficiais Xardineiros a *P Dapena Pintos*, con dni ***6752**, *T Quinteiro Domínguez*, con dni ***7592**, *J Fajardo Fariñas*, con dni ***3040**, *A Herrera Sousa*, con dni ***6049**, *A J Vázquez Cáceres*, con dni ***7705**, con dni ***9873**, e como Oficiais condutores a *J B Iglesias Rodríguez*, con dni ***6562**, *R A Vázquez Rodríguez*, con dni ***4731** e *B Vázquez Martínez*, con dni ***2535**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os cinco meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód.234-oficial xardineiro e posto cód.233-oficial condutor/a 158-operario/a peón), sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores,

funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe do Servizo de limpeza, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(420).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE VIGOZOO NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DO 2020. EXPTE. 10384/612.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/04/2020, asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor e no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que: “ *A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.*

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”



Concello de Vigo

Polo tanto, a concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdnable, Nuria Rodríguez Rodríguez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Vigozoo da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saúdnable (funcional 3371), durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2020, que se relacionan deseguido:

EXPTE	ASUNTO	ADXUDIC.	DURAC	DATA	IMPORTE
10253-612	SUBM. 5.000 L GASOIL CALEFACCIÓN ILLA DE LÉ-MURES	CODISOIL SA A79.322.947	12 MESES	8/01/20	4.140,00 €
10254-612	SUBM. ALIMENTOS DE SUPERMERCADO PARA ANIMAIS DO NOCTURAMA	FROIZ SA A36.036.739	12 MESES	16/01/20	1.999,44 €
10278-612	SERVIZO DE MONTAXE DE 610 ML DE VALADO PERIMETRAL	MILCONS SL B32.253.288	3 MESES	14/01/20	12.178,65 €
10279-612	SERVIZO DE REPARACIÓN DAS PORTAS AUTOMÁTICAS PARA INSTALACIÓN LINCES	DAVID GLEZ. GLEZ. 36.159.844A	1 MES	16/01/20	2.359,50 €
10280-612	OBRAS DE REPARACIÓN NA FERVENZA DO CASTOR	SERTRICON SLU B94.078.110	3 MESES	16/01/20	3.001,47 €
10281-612	OBRAS DE REPARACIÓN DUNHA CANALETA NO ACCESO AO PARQUE INFANTIL	SERTRICON SLU B94.078.110	3 MESES	16/01/20	1.915,90 €
10283-612	SERVIZO DE TRANSPORTE, TRATAMENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS	GLEZ. COUCEIRO SLU B36.179.299	12 MESES	14/01/20	6.000,00 €
10284-612	ADQUISICIÓN DUNHA BOTELLA DE GAS DE USO VETERINARIO	COMERCIAL AMPHER SL B36.698.520	12 MESES	16/01/20	209,64 €
10285-612	SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE FARMACIA PARA USO VETERINARIO	GENEROSO ÁLVAREZ LEAL 36.015.494R	12 MESES	16/01/20	1.555,69 €
10286-612	SERVIZO DE ANALÍTICAS DOS ANIMAIS	SEASLAB SL B70556915	12 MESES	17/01/20	2.405,68 €
10287-612	SERVIZO DE REVISIÓN TÉCNICA CO APARATO DE RX	XPERT SL B15518830	1 MES	11/02/20	469,48 €
10288-612	SUBMINISTRO DE DERIVADOS DO POLO PARA CONSUMO DA FAUNA	LAGO, AVES, HUEVOS Y CAZA, SL. A36031185	6 MESES	16/01/20	3.611,25 €
10290-612	SUBMINISTRO DE 8 TONELADAS DE PALLA	CLUN COOP LACTEAS UNIDAS F70509096	1 MES	21/01/20	888,80 €
10293-612	SUBMINISTRO DE POLOS, COELLOS E TROITAS CONXELADAS PARA CONSUMO DA FAUNA	SAINT LAURENT, SA N0013485H	6 MESES	20/01/20	6.153,53 €
10295-612	ALQUILER DE VALLAS PARA RECINTO SABANA	XEALCO SL B36194108	3 MESES	23/01/20	217,80 €
10297-612	SUBMINISTRO DE DOUS TERRARIOS PARA REPTILARIO	AQUAZOO SL B36294114	10 DÍAS	21/01/20	223,18 €
10298-612	SUBMINISTRO DE CARNE EQUINA PARA CONSUMO DA FAUNA	J A LOUREIRO FERNÁNDEZ 76815105G	12 MESES	24/01/20	10.524,80 €
10299-612	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OBRA (CEMENTO, LADRILLO,...)	SILVINO FIGUEIREDO SL B36989325	4 MESES	28/01/20	3.000,00 €
10300-612	SERVIZO DE REPARACIÓN ELÉCTRICA NA INSTALACIÓN NOCTURAMA	TÉRMICA MORRAZO, SL B94009461	1 MES	28/01/20	1.034,97 €
10301-612	SERVIZO DE MANTENEMENTO DO AIRE ACONDICIONADO DO BOLBORETARIO	TÉRMICA MORRAZO, SL B94009461	12 MESES	28/01/20	726,00 €
10302-612	SERVIZO DE MANEAMENTO DO ASCENSOR DO EDIFICIO PRINCIPAL	ASCENSORES ENOR SL B36650992	12 MESES	28/01/20	1.074,48 €
10306-612	SUBMINISTRO DE ZOPHOBAS, TENEBRIOS E GRILLOS CONXELADAS PARA CONSUMO DA FAUNA	KRIK KRIK 20014370T	6 MESES	21/01/20	875,39 €
10307-612	SERVIZO DE MANTEMENTO DA PÁXINA WEB DE VIGOZOO	HACCE SOLUCIONES SL B36989515	12 MESES	21/01/20	3.240,00 €
10312-612	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE REPUESTO DE VEHÍCULOS	HERDASIL SL B27839414	11 MESES	7/02/20	1.009,24 €
10315-612	SUMNISTRO DE FERROS DE DIVERSO TAMAÑO	HIERROS LAGO SL B36649259	6 MESES	11/02/20	1.077,65 €
10316-612	SERVIZO DE MANTENEMENTO PREVENTIVO DAS CÁMARAS DE CONXELACIÓN	CALFRIMA SL B36788826	11 MESES	11/02/20	1.052,70 €
10320-612	SUBMINISTRO DE MATERIAL FUNXIBLE PARA REP-	DAVID SILVEIRA ROCA	11 MESES	13/02/20	4.267,00 €

	TILARIO	507581830			
10327-612	SERVIZO DE PODA DE ÁRBOLES	AGRONERGA SL B36448652	3 MESES	17/02/20	2.420,00 €
10342-612	SERVIZO DE RADIOGRAFIA ABDOMINAL A UNHA LEONA	ALVARO LAMA OLIVEIRA 51084107A	1 MES	6/03/20	199,65 €
10343-612	SERVIZO DE MANTEMENTO DO PROGRAMA DE TAQUILLA – CLASIGESS.	IAGO COLON MEJERAS 36159334E	10 MESES	5/03/20	4.000,26 €
10344-612	SERVIZO DE REPARACIÓN DE AVARÍA NO ASCENSOR	ASCENSORES ENOR SL B36650992	1 MES	5/03/20	987,36 €
10345-612	SERVIZO DE DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN	XERMOLO SL B27762681	4 MESES	6/03/20	10.119,34 €
10353-612	SUBMINISTRO DUNHA TRITURADORA DE FROITAS	DEL. REUN. NOVOFRI SA A36608313	1 MES	12/03/20	1.334,17 €
10358-612	SUBMINISTRO DUN LECTOR DE MICROCHIPS	DATAMARS IBÉRICA SLU B02164317	1 MES	17/03/20	466,33 €
10359-612	SERVIZO DE REPARACIÓN DE DISPLAY DE BÁSCULA DE GRAN FORMATO	GRUPANOR CERCAMPO SA A81486797	1 MES	27/03/20	369,66 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

22.- PRÓRROGA DO CONTRATO MODIFICADO DO LOTE 10 “CAMPAMENTO CON Pernocta en Vigozoo” DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE. 9078/336.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 1/06/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (PPT)
- A prórroga do contrato que é necesario aprobar, ten como finalidade acometer actuacións vencelladas aos efectos da pandemia, por tratarse de realizar actividades tendentes á conciliación da vida laboral e familiar das familias que necesitan traballar e non teñen con quen deixar aos séus fillos/as mentras tanto.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.

Segundo.- O 16 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local acordou:

“[...] Adjudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 36.997,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.363,37 euros.*
- b) Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Terceiro.- O 20 de maio de 2020, a xefa do Servizo de Xuventude, coa conformidade do concelleiro delegado, emite informe motivando a necesidade de modificar o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) nos seguintes termos:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2019, aprobou o expediente para a contratación da “Xestión dos Campamentos de Verán 2019”, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, que contén os pregos de cláusulas técnicas e administrativas así como abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

O presente contrato que ten por obxecto a xestión dos campamentos de verán, dirixidos a nenos/as de 4 a 17 anos de idade, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, o fomento de la participación infantil-xuvenil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 16 de maio de 2019 acordou:

Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 "Campamento con prenocta en Vigozoo" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 36.997,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.363,37 euros.
- b) Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas.

Con data 12 de xuño de 2019, foi asinado o contrato cunha duración de 3 quendas de 5 días c.u /52 participantes). Total 3 quendas= 156 participantes terá unha duración de un ano, entrando en vigor ao día seguinte da última sinatura dixital do mesmo. A execución do mesmo axustarase en función do calendario escolar e festividades no ano do contrato, estando contempladas catro prórrogas de un ano de duración cada unha.

Segundo o establecido no PPT aprobado pola XGL do 28/02/2019 o campamento con prenocta en Vigozoo tiña as seguintes características:

ACTIVIDADES.- Coñecemento e observación dos animais, rastrexo do oso, safari fotográfico, roteiro nocturno,roteiro ao Vixiador, xogos con balón, xogos de auga, a biodiversidade , veladas e festa despedida

PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE .- 8 persoas por cada quenda:

1 coordinador/ra, con titulación de director/a de tempo libre. (xornada completa)

5 monitores/as de tempo libre a tempo completo, dos cales como mínimo 1 debe ter formación en educación ambiental e 1 monitor/a de tempo libre a media xornada.

1 vixiante de atención nocturna. Ademáis, como mínimo durmirán 4 monitores/as no recinto.

MATERIAIS A EMPREGAR.- Material funxible xeral: Pintura, folios, lapis, rotuladores, papel continuo, cartulinas, tixeiras, grapadoras, telas, globos, cordel, etc

Material funxible específico de actividades de educación ambiental e de obradoiros.

Equipamento xeral:

Equipo organización: 6 mesas 180cm, 8 sillas, 2 carpas 3x3, 1 sistema de tendal para secar a roupa, 20 xogos de sábanas de repostro con funda de almofada.



Concello de Vigo

Equipo audiovisual: equipo de música, megafonía, ordenador, impresora, canón de video, pantalla de proxección.

Ante a situación de crise derivada da pandemia do COVID19, é necesario realizar reaxustes que permitan o desenvolvemento da actividade de campamentos de verán, necesarios para a conciliación da vida socio-laboral das familias viguesas nas condicións sanitarias adecuadas que garantan o minimizar riscos cara a unha prevención no ámbito da saúde e integridade física dos/das menores participantes e do equipo profesional que deles se encargue como son o distanciamento social recomendado polas autoridades sanitarias neste momento. Isto complementábase coa Orde SND/422/220 do 19 de maio pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de mascarillas durante a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en espazos ao aire libre e pechados dende os seis anos en adiante, aplicación durante o estado de alarma e as súas posibles prórrogas. Con estas medidas tamén se poderá ofrecer unha maior tranquilidade ás familias dos/das nenos e nenas participantes.

Así o campamento con pernocta en Vigozoo dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, é necesario modificar algunhas das prestacións e horario, en concreto ás prestacións de xantar, durmida e excursións en autobús dos/das participantes; xa que tendo en conta que as instalacións de dormitorios e cafetería de Vigozoo, non reúnen as dimensións adecuadas para permitir o distanciamento recomendado de 2 m, polo que non fan posible que se executen estas prestacións. O mesmo sucede co autobús que se empregaría para as excursións. O resto de actividades sí é posible a súa execución, mentras non se indique o contrario por a administración do Estado ou da CCAA.

Así, coas modificacións propostas de eliminación de xantares e durmidas e excursións, non se modificaría o obxecto do contrato, que seguiría sendo de campamento de verán, pero sería pertinente a adaptación deste campamento a un campamento urbano ao estilo dos lotes 1,2,3,4,5,6,7,8 e 9, cuxas características principais son: horario: de 7:45 a 15:30h de luns a venres, en lugar de todo o día, cunha duración de 10 días, en lugar de 5 días, actividades ao aire libre baseadas en obradoiros, xogos, e actividades de animación, nos que se manterá o distanciamento e se traballará en grupos reducidos de 10 participantes. Todas estas actividades serán reforzadas con medidas de protección (lavado periódico de mans, protección con mascarillas e luvas para o persoal técnico dos campamentos e para os/as participantes se as circunstancias así o requiren).

As modificacións propostas son as estritamente necesarias para adaptar a prestación do campamento ás recomendacións de distanciamento e hixiene provocadas pola situación xerada polo COVID-19, polo que non alteran a natureza global do contrato.

Asemade atenden a unha razón de interese público, como é a necesidade de manter, coas máximas garantías desde o punto de vista sanitario, a prestación dun servizo dirixido a nenos/as de 4 a 17 anos de idade, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, o fomento da participación infantil-xuvenil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán.

O campamento con pernocta en Vigozoo do ano 2019, tiña as seguintes características segundo a oferta presentada pola oadxudicatario e o PPT:

As características da contratación máis destacadas pódense resumir en:

- Estructura: 3 quendas de 5 días completos con durmida 4 días - Horario: 7:45 do luns a 18:00 do venres
- Número de participantes: 52 x 3 quendas = 156
- Medios persoais: o 1 Director de tempo libre o 5 monitores/as de tempo libre (xornada completa), dos cales 1 con especialización medioambiental o 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada) o 1 vixilante de atención nocturna
- Servizo de manutención para todo o campamento: 3 quendas
- Saída en autobús: 3 quendas.

O orzamento do proxecto presentado pola adxudicatario resúmese en:

a) Prezo total: 33.633,69 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.363,37 euros, o que supón un prezo total do lote de 36.997,06 euros.

b) Taboa salarial aplicada por categorías profesionais: o Coordinador proxecto (Director Tempo Libre): 1.445,41 o Técnico/a especialista: 1.391,87 o Monitorado de Tempo Libre: 1.124,21.

c) Desglose do orzamento:

Equipamento.....	2.190,00
Persoal	14.164,85
Gastos de material.....	1.200,00
Servizo de manutención	12.924,00
Servizo de desprazamento	600,00
Gastos de xestión (seguros, gorras, equipación, etc)....	1.476,00
Beneficio empresarial	1.078,84
SUBTOTAL sen IVE	33.633,69
10%IV.....	3.363,37
TOTAL	36.977,06

PROPOSTA CAMPAMENTO "VERÁN EN VIGOZOO 2020".-

O Campamento Verán en Vigozoo 2020, dado o novo contexto derivado da crise do Covid-19 e as características das instalacións de Vigozoo, poderíase organizar do seguinte xeito:

1. Estructura: 4 quendas de en xornada de mañá de 7:45 a 15:30 h, cun Incremento de 25 días de campamento (10 días por quenda).
Quenda 1: 29 xuño – 10 xullo.
Quenda 2: 13 xullo – 24 xullo.
Quenda 3: 27 xullo – 7 agosto.
Quenda 4: 10 agosto – 21 agosto.
Horario: de 7:45 a 15:15 cada día.
2. Número de participantes: 52 x 4 quendas = 208.
3. Medios persoais: o 1 Director de tempo libre o 5 monitores/as de tempo libre (xornada completa), dos cales 1 con especialización medioambiental o 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada) o Cambio: 1 vixilante de atención nocturna por 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada). A xustificación ven dada por completar a xornada e reforzar as necesidades preventivas de participantes.



Concello de Vigo

4. *Servizo de mantención para todo o campamento: suprimir. Non é recomendado nin viable a súa prestación*
5. *Saída en autobús: suprimir para evitar riscos por non poderse manter o distanciamento.*

O orzamento do proxecto adaptada á nova organización resúmese en:

a) *Prezo total: 31.775,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.177,21 euros, o que supón un prezo total do lote de 34.952,73 euros.*

b) *Taboa salarial aplicada por categorías profesionais: manter a orixinal, que fai referencia a unha xornada de tempo completo sen pluses de horas extras nin de nocturnidade. o Coordinador proxecto (Director Tempo Libre): 1.445,41 o Técnico/a especialista: 1.391,87 o Monitorado de Tempo Libre: 1.124,21.*

c) *Desglose do orzamento:*

<i>o Equipamento (mantense)</i>	<i>2.190,00</i>	
<i>o Persoal</i>	<i>24.699,37</i>	
<i>o Gastos de material (reforzo material funxible para desinfección de materiais, adquisición de xel hidroalcolico +600,00).....</i>	<i>1.800,00</i>	
<i>o Servizo de mantención (suprimido: -12.924,00).....</i>	<i>0,00</i>	
<i>o Servizo de desprazamento (suprimido: -600,00).....</i>	<i>0,00</i>	
<i>o Gastos de xestión (ampliación seguro accid. e gorras: +531).....</i>	<i>2.007,00</i>	
<i>o Beneficio empresarial (mantense).....</i>	<i>1.078,84</i>	
<i>SUBTOTAL sen IVE</i>	<i>31.775,21</i>	
<i>10% IVE</i>	<i>3.177,52</i>	
<i>TOTAL.....</i>	<i>34.952,73</i>	<i>DIFERENCIA</i>
<i>COA LICITACIÓN (36.997,06€).....</i>	<i>-2.044,33 €</i>	

Cuarto.- Con data do 22 de maio de 2020 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do lote 10 "Campamento con pernocta en Vigozoo" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón unha diminución do importe total do contrato de 2.044,33 euros (IVE incluído) (un -5,53% do prezo do contrato) na aplicación orzamentaria 3370.227.99.12".

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, iniciaranse os trámites pertinentes para devolver ao contratista a parte proporcional da garantía definitiva depositada no expediente 8.752-336 (nº de operación 800104639).

4º.- Dar audiencia a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan".

Quinto.- O 22 de maio de 2020 XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., dentro do prazo de trámite de audiencia conferido para o efecto, manifesta a súa conformidade coa modificación proposta (documento número 200061145).

Sexto.- A Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria do día 29 de maio, acordou aprobar:

1.- A modificación do lote 10 "Campamento con pernocta en Vigozoo" do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) nos termos que constan no informe da xefa do Servizo de Xuventude de data 20 de maio de 2020. A modificación supón unha diminución do importe total do contrato de 2.044,33 euros (IVE incluído) (-5,53% do prezo do contrato).

2.- Minorar o crédito autorizado e comprometido no importe de 2.044,33 euros (IVE incluído) na aplicación orzamentaria 3370.227.99.12.

Dito expediente foi informado favorablemete tanto por Asesoría xurídica como por Intervención.

Sétimo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Ante a situación de crise sanitaria provocada polo COVID19, o contrato correspondente ao lote 10 "Campamento con pernocta en Vigozoo" foi necesario modificar algunhas das súas prestacións así como o horario; razón pola que non se incluíu a prórroga do mesmo no presente expediente, sendo obxecto a modificación do mesmo mediante tramitación polo Servizo de Contratación (expediente 6480-241).

En efecto, o informe emitido pola xefa do Servizo de Xuventude o 20 de maio de 2020 motiva a necesidade de modificar o contrato na situación de crise derivada da pandemia do COVID-19, que implica a necesidade de "realizar reaxustes que permitan o desenvolvemento da actividade de campamentos de verán, necesarios para a conciliación da vida socio-laboral das familias viguesas nas condicións sanitarias adecuadas que garantan o minimizar riscos cara a unha prevención no ámbito da saúde e integridade física dos/das menores participantes e do equipo profesional que deles se encargue como son o distanciamento social recomendado polas autoridades sanitarias neste momento. Isto complementase coa Orde SND/422/220 do 19 de maio pola que se regulan as condicións para o uso obligatorio de mascarillas durante a crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, en espazos ao aire libre e pechados dende os seis anos en adiante, aplicación durante o estado de alarma e as súas posibles prórrogas.

Con estas medidas tamén se poderá ofrecer unha maior tranquilidade ás familias dos/das nenos e nenas participantes.

Así o **campamento con pernocta en Vigozoo** dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos, é necesario modificar algunhas das prestacións e horario, en concreto ás prestacións de xantar, durmida e excursións en autobús dos/das participantes; xa que tendo en conta que as instalacións de dormitorios e cafetería de Vigozoo, non reúnen as dimensións adecuadas para permitir o distanciamento recomendado de 2 m, polo que non fan posible que se executen estas prestacións. O mesmo sucede co autobús que se empregaría para as excursións. O resto de actividades sí é posible a súa execución, mentras non se indique o contrario por a administración do Estado ou da CCAA".

A nova situación xerada polo COVID-19 constitúe unha circunstancia sobrevenida e imprevisible que no momento no que tivo lugar a licitación do contrato non se puido prever e que comporta a adopción de novas medidas na prestación do contrato.



Concello de Vigo

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato modificado correspondente ao lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” (6480-241)(do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) por un importe total: 31.775,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.177,21 euros, o que supón un prezo total do lote de 34.952,73 euros adxudicado a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L .

A prórroga do contrato que é necesario aprobar, ten como finalidade acometer actuacións vencelladas aos efectos da pandemia, por tratarse de realizar actividades tendentes á conciliación da vida laboral e familiar das familias que necesitan traballar e non teñen con quen deixar aos séus fillos/as mentras tanto.

SEGUNDO.-Aprobar o gasto correspondente á modificación do contrato correspondente ao Lote 10 (6480-241), por un importe de 34.952,73 euros con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(423).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez